

5 Entrevista ■ Manuel Meizoso:
“Durante a pandemia quitámoslle
as castañas do lume á Xunta”

6 Municipal ■ O Concello das
Pontes prepárase para poñer
en marcha a Axenda 2030

8 Economía ■ Estrella Galicia
fai cervexas con grelos do Val
de Xestoso

enfiques.gal

Sociedade



A Deputación da Coruña homenaxea ás mulleres do 10 de marzo de Ferrol, que reivindicaron e loitaron polas liberdades e os valores democráticos.

Páx. 14

Recoñecemento ás mulleres do 10 de marzo

Medio Ambiente

**As tres comarcas
xa loitan contra
a vespa velutina
con milleiros de
trampas**



Páxs. 2-3

Industria

**Neda dá luz
verde a uns
orxamentos
“sociais” de máis
de 4,8 millóns**

O Concello volve a apostar polo gasto social, destinando preto do 25% dos orxamentos a financiar dous servizos clave. Preto dun millón de euros destinarase ao Servizo de Axuda no Fogar e outros 175.310 euros permitirán cubrir os gastos derivados do funcionamento do servizo de conciliación familiar que ofrece a Escola Municipal Infantil Os Pelegríns.

Páx. 19

Cultura

O festival Jazz de Ría chega a Neda, Narón e Cedeira en agosto

Páx. 15

INFRAESTRUTURAS PAX. 7

Renovación do aparcamento na Casa do Mar de Pontedeume

Traballos ■ As obras, orzamentadas en máis de 100.000 euros e cofinanciadas co Plan Único da Deputación, inclúen a creación dunha beirarrúa de lousa; a instalación dunha nova iluminación no chan e a renovación da zona verde



Retírase o actual chan e instálase formigón.

Un novo circuito de calistenia e un parque infantil en Pontedeume

Equipamentos ■ A nova instalación de ocio para os nenos constrúese na parroquia de Andrade, mentres que o parque de exercicio físico e entreno persoal estará situado no paseo marítimo

Municipal

**Avanzan as
obras da senda
peonil e ciclista
que unirá a zona
de Freixeiro e
Xuvia**

Páx. 20



EN FOCO



A Asociación Galega de Apicultura fixo un chamamento para empezar a combater a avespa asiática neste tempada. Trátase de lograr unha detección precoz de niños xa que a fase máis importante é a preventiva, que teñen dúas vectores: o trameo na primavera para capturar raíñas fundadoras e evitar que á súa ao redor xérase un niño primario e a retirada de niños incipientes que se realiza entre marzo e maio.

É fundamental para evitar a expansión e, apuntan o presidente da delegación de Ferrol, Rafael Díaz, que “é máis importante atrapar agora raíñas de velutina, ben sexa nos niños primarios ou mediante trameo, que matar as obreiras no verán debido a que por cada raíña que se elimina, evítase unha colonia de miles de exemplares”.

Este ano a fase de trameo para captura de raíñas fundadoras comezou coa instalación por parte de Asociación Galega de Apicultura (AGA) de centos de trampas en asentamentos da comarca de Ferrol-Doniños, Cobas, Pedroso, San Sadurniño, entre outros- e tamén na zona do Ortegal.

Precisamente en Ortigueira xa comenzaron a colocarse 1.500 trampas subministradas

Comeza a guerra contra a avespa velutina en Ferrol, Eume e Ortegal

A ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA FAI UN CHAMAMENTO AOS CONCELLOS E OS VECIÑOS PARA QUE COLOQUEN TRAMPAS NAS SÚAS LEIRAS E EVITAR ASÍ A PROLIFERACIÓN DE NIÑOS NO VERÁN CON MILES DE EXEMPLARES

polo Concello, a través da empresa Serpa, en colaboración coa Asociación Galega de Apicultura en Ortegal. Cabanas tamén retomou nesta tempada primaveral a campaña de prevención e control da vespa velutina. Para facilitar o traballo da veciñanza, desde a área de servizos procederase ao reparto de trampas e líquido atraínte até fin de existencias.

As operacións de trameo fóronse incrementando ao longo dos últimos anos, tanto o número de trampas, como en número de capturas.

Actuar agora e non no verán

Desde a Asociación Galega de Apicultura solicitaron aos concellos e á Mancomunidade que

insten os veciños a instalar trampas rudimentarias nas súas leiras se queren evitar a formación de niños. “Pódese reducir ata un 75% a creación destas colmeas se se atalla a tempo a captura das raíñas. Se un veciño

■ **Pódese reducir ata un 75% a creación** destas colmeas se se atalla a tempo instalando unha ou dúas trampas na finca

instala unha ou dúas trampas na súa leira pode ter garantido que non haberá niños nuns 150 metros á redonda”, explica Rafael Díaz.

“Non se trata de saturar todo de trampas”, insiste en respon-

sable da asociación no Ortegal, Manuel Rodríguez, quen asegura que cun investimento “de 4 ou 5 euros” unha leira pode quedar cuberta todo o ano. Pero lembra: “o momento é agora, non en agosto”.

A avespa asiática ten un ciclo de vida anual. As raíñas fecundadas saen do seu letargo entre febreiro e marzo. Unha vez que espertan, fan un niño primario temporal onde poñen os seus ovos para formar unha pequena colonia de 20 ou 30 obreiras que, sobre o mes de maio, construírán un niño secundario. Este crece ata albergar máis de 2.000 avespas e a finais de verán, empézanse a diferenciar as femias e os machos. As femias, unha vez fecundadas,

FERROL-EUME-ORTEGAL MAIO 2022

Cómo elaborar e onde colocar as trampas caseiras?

UN GRAN NÚMERO DE RAÍÑAS INVERNARON PRETO DOS NIÑOS DE VELUTINA ELIMINADOS O ANO ANTERIOR, POR ISO RECOMÉNDASE POÑER AS TRAMPAS NUN RADIO DE 150 METROS DESA ZONA

Como facer estas trampas caseiras? Desde a Asociación Galega de Apicultura recomendan construír e colocar trampas o máis selectivas posible para evitar que entren nelas outros insectos polinizadores fundamentais para a reprodución de plantas e cultivos.

Para iso, aconsellan que na parte superior da botella realícese dous buracos enfrontados cun diámetro de entre 8 e 9 milímetros. Iso axuda moito porque hai moitos insectos como

abellóns, bolboretas ou polillas que non poderán entrar.

Xusto debaixo das entradas, faríase a mesma operación cos buracos de saída, tamén enfrontados, que deberían ter un diámetro de entre 4 e 5 milímetros e para os que se pode utilizar unha broca tamén para madeira que podemos adquirir en calquera ferraxería, ou un cravo dun tamaño aproximado. As medidas idóneas serían 8 ó 9 milímetros para as entradas e entre 4 e 5 milímetros para as saídas.


Nos buracos de entrada, como se mostra na fotografía, aconséllase colocar unha campanilla e, no interior da botella, unha cortiza ou algún outro elemento que flote no líquido atrayente.

Preténdese que o que non sexa avespa asiática non morra na trampa e poida escapar. Dentro da botella métese un atrayente tamén de fabricación caseira: para recibir 2 ó 3 trampas hai que mesturar 5 gramos de fermento e 200

gramos de azucre disoltos en 0,5 litros de auga morna.

As trampas deben colocarse ao redor dos niños velutinos do ano anterior non eliminados antes de setembro. Un gran número de raíñas invernaron e buscaron alimentos nestas zonas. Nestes casos as trampas colocaranse nun radio de 100 a 150 metros dos mesmos. Se deixan de caer exemplares de Velutina hai que resituar as tramas uns 150 metros para que volvan capturar.

As raíñas aliméntanse de glúcidos de plantas de especies asiáticas e froiteiras en flor: a aralia (ou árbore de Angélica); a camelia de flor simple vermella e con estambres, árbore de cepillo, o níspero xaponés, hiedra, o plátano, e froiteiros en flor (ciruelos, maceiras...). En árbores que poidan ter pole ou pulgón, por exemplo o salgueiro.



Segundo o documento publicado pola Asociación Galega de Apicultura as trampas sempre se deben situarse en lugares asollados, porque o aroma se difumina mellor cando o trayente quéntase.

abandonan o niño para hibernar e en febreiro do seguinte ano, comezan un novo ciclo. O niño baleiro queda inactivo e vaise deteriorando de forma natural.

Varios Concellos das comarcas ditaron durante o mes de marzo un bando polo que se solicita á cidadanía que se so-

me á campaña de trampeo para a detección e control da avespa velutina impulsada pola Asociación Galega de Apicultura (AGA), con delegación en Ferrol.

Os documentos lembran que a avespa velutina "é unha especie invasora e perigosa que ameaza á apicultura, a poliniza-

■ **Varios concellos das comarcas publicaron bandos** animando aos veciños a combatir esta especie invasora

ción, a produción agrícola e o medio ambiente en xeral, e que tamén ten un risco importante para as persoas". Indica que as

velutinas comezan a saír na primavera do seu letargo invernol, polo que é importante un "trampeo a gran escala" que reduza nunha porcentaxe moi elevada a formación de niños.

Carecen de inimigos naturais e xeran centenas de nais por niño a diferenza das avespas autóctonas, que apenas

chegan á decena. O bando recomenda que a captura de raíñas debe efectuarse entre marzo e finais de maio, coincidindo coa fase de construción e actividade do niño primario, ou ben de setembro a decembro, desde o nacemento de novas raíñas á súa hibernación.

Colaboración

Non es ti, son eu

Non sei se habería algunha época posterior ao Neolítico na que non se tivera a sensación de estar a vivir unha crise existencial, un momento histórico. Imaxino que non, que, ao cabo, a historia non é máis que unha sucesión precisamente diso, de momentos históricos. Incluído o actual, dende logo.

Un momento, o presente, no que esa idea de atravesar unha liña vermella, de camiñar polo fio da navalla –habitual, xa digo–, ven acompañada pola presión da urxencia, das presas que van acelerando o ritmo ao que se moven o mundo e a sociedade. Có que o resultado pode chegar a ser o que vemos: desorientación, confusión e angustia. Confusión sobre o que está a pasar, e desorientación e angustia polo incerto futuro, que cada vez é máis difícil de prever.

E, nesta situación, unha reacción normal e comprensible, aínda que indesexable, é a exaltación. Unha exaltación que xurde da ansiedade, da falta de certezas e do medo, e que é facilmente visible ao noso redor e visiblemente prexudicial. Unha exaltación que conduce á xa tan manida polarización das opinións, do debate público en xeral, e do debate político en particular.

O debate político non nos gusta, defráudanos, desprezámolo por simple, por falso, por electoralista, por pouco construtivo, por infantil ou por non ser máis que unha hipócrita posta en escena, un espectáculo para manternos entretidos mentres, na intimidade, deciden o que lles convén. E desconfiamos del e dos seus protagonistas, que temos por mentireiros, manipuladores ou directamente incapaces e incompetentes.

Sen embargo, eu son un convencido de que, nunha democracia, os políticos que temos son un reflexo das nosas propias limitacións, e os gobernantes acaban sendo os que nos merecemos. Que as imperfeccións do sistema, innegables como son, non serven de escusa: se os nosos representantes son eses é porque non os botamos nin facemos nada por atopar mellores alternativas. E penso que o asunto do debate público, do diálogo político, non é unha excepción.

As nosas discusións, as persoais, as que temos no traballo, na casa, na rúa ou en redes sociais, son, en xeral, unha mostra case perfecta de canto erro pode un cometer nun debate: ideas preconcebidas e inmutables; uso de datos parciais, dubidosos ou directamente falsos; impermeabilidade total aos dos nosos rivais, ou directamente xordeira ás súas intervencións; conclusións precipitadas e infundadas, e unha tendencia irrefreable a dar ou quitar a razón en función, non dos argumentos, por suposto, senón de quen di as cousas. É dicir, a actitude é de todo menos boa: falamos sen saber, e sen querer saber.

E a iso hai que lle engadir un defecto xeneralizado incluso entre xente sería e ben intencionada. Trátase dese erro consistente en explicar un feito en función dun so factor, ou duns poucos, e descartar tódolos demais. Normalmente, porque é o aspecto que se coñece, ou o que interesa, ou simplemente o que convén ás nosas teses. E xa digo que, mesmo cando hai boa intención, é unha limitación habitual escoller unha causa e centrar toda a discusión nela, coma se non houbera sempre, sexa o que sexa o analizado, múltiples variables a ter en conta. Porque a realidade é sempre máis complexa do que nos gustaría.

Ben, pois todo iso, nin máis nin menos, é o que fan os políticos, os partidos, os cargos elixidos. E fano por dúas cousas, penso eu. Por un lado, porque son coma nós; ou, mellor dito, porque son nós. Coas mesmas limitacións, os mesmos impulsos e a mesma cultura, de media. Por outro –e aquí quería chegar eu hoxe–, porque é o que lles pedimos: queremos que baixen ao barro e pelexen ao noso lado.

Escollan a noticia estrela que queiran dos últimos días: o caso Pegasus, unha sentenza xudicial controvertida –aínda que sexa en Ultramar– ou, por suposto, o último comunicado de guerra. Esixímoslles aos políticos, e esíxenllo por nós os medios de comunicación, unha opinión, unha resposta, un apoio ou unha crítica, ou toda unha análise de fondo, xa! Inmediatamente! Pero alguén pensa, de verdade, que á media hora de saberse o das escoitas, por exemplo, hai alguén en disposición de dicir algo con xeito?

Estámoslles a pedir o imposible, carnaza, calquera cousa que alimente o lume do pseudo debate público. Que nos dean a razón ou nos dean razóns, unha vez máis, para indignarnos. E mentres non o fan –e despois tamén–, xa imos nos quentando o ambiente, montando explicacións, elucubrando sen ter nin idea e asegurando burradas.

Temos a idea inxenua de que os políticos terían que ser os mellores, uns elixidos que nos levarán polo bo camiño ata onde queremos estar. Pero a realidade é ben distinta. De feito, é a contraria: somos nós, o resto, a sociedade en conxunto, os que temos que ser bos e obrígalos a eles a selo, a estar á nosa altura.

E só cando non lles valla os trucos de charlatán, o xogar ao despiste e a demagogia, porque enfronte teñan un público esixente que non os admita, deixarán de usalos.

A política dun país non depende de ter sorte coa oferta: depende da demanda.

PORTOROSA

Colaboración

Feridas

Escoito na radio e leo estes días na prensa que a Fundación ANAR informa de que o ano pasado atendeu ao redor duns 4.500 menores que presentaban ideación suicida, autoleccións ou intentos de suicidio.

E a pesar da gravidade do dato, entusiásmame que por fin os medios de comunicación poñan sobre a mesa que a saúde mental é unha cuestión social indiscutible, e que con esa contundencia o trasladen á poboación.

O suicidio debe deixar de ser tabú para evitar que as feridas que todos e todas temos se volvan irreparables.

Adela tiña 35 anos cando decidiu que a súa vida tiña data de caducidade; levaba loitando contra unha anorexia nerviosa durante 20 anos, e esta complicóuselle cando a depresión decidiu aparecer. Tiña feridas físicas evidentes de que a vida se lle facía grande, visibles aos ollos das demais persoas. Mais Adela tiña cicatrices da alma difíciles de detectar, tanto por parte da familia, como por parte das e dos especialistas que a atenderon durante as dúas décadas que ela viviu como séculos. Nunca soportou a etiqueta de enferma que lle puxeron aos 15 anos e da que non se puido desfacer.

Feridas internas coas que tamén contaba Antonio, de 50 anos. De profesión consumidor habitual de psicofármacos, levaba unha vida aparentemente plena e incluso envexable por parte da veciñanza; familia modélica, empresa propia e de éxito, e amizades en todos os recunchos do mundo. El, que sempre estivo rodeado de xente, sentíase profundamente só cada minuto da súa existencia.

As feridas de Cleo non as coñece ninguén do seu entorno; parece que o día que cumpría 17 anos saíu de festa e non recorda nada de como volveu á casa. Oíu falar dunha droga chamada burundanga que provoca esta amnesia cando a inhalas ou cha verten na bebida. Pero o certo é que na súa cabeza hai moitas preguntas e ningunha resposta. Non é capaz de poñerlle tampouco nome a iso que sentiu cando mirou a súa roupa interior, e cando con urxencia se meteu na ducha como un intento desesperado de limpar algo que ela non ensuciou.

Adela e Antonio nunca chamaron á Fundación ANAR nin a outra entidade similar; nunca faláron da súas feridas abertamente con ninguén, e moito menos lles comentaron que algún día se suicidarían porque vivir se lles facía insostible. Medo, vergoña, culpa, ansiedade e tristeza infinita son só algunhas das emocións que diariamente os percorrían a modo de carrusel.

Cleo leva días pensando en voar dende o seu cuarto piso porque xa non se entende ben co universo. Por sorte, onte escoitou un podcast na radio no que se falaba dos recursos e servizos de axuda nos casos de ideación suicida. Colleu o teléfono e tras unha conversa de dúas horas por fin pode poñerlle nome ás súas feridas.

O traballo continúa pero Cleo hoxe está máis preto deste mundo que do alén.

A nós tócanos abrir ben os ollos e as orellas para axudar a quen o precise a reparar feridas e borrar cicatrices.

MARTA PIÑEIRO

Nicanor Tischler Reflexións dun viaxante

Eloxio do segredo

Vivimos tempos escuros e, ao mesmo tempo, determinados por un anhelo obsesivo de transparencia, e non da transparencia esixible á esfera pública, aos actos e actitudes que afectan ao benestar común, non, se cadra esa é a que menos interesa, a que os medios queren e piden é a transparencia como guía totalitaria da vida, a transparencia absoluta, sen zonas opacas, sen espazos cegos.

É unha especie de mito, de nódulo mental, que nutre as conversacións cotiás, os faladoiros profesionais, os discursos retóricos dos

representantes políticos. Non pode haber declaración que non inclúa, aínda que o contexto non a reclame, a verba mántrica. Hai xa algúns anos que o tan citado Byung-Chul Han escribiu sobre o tema (“La sociedad de la transparencia”) alertando dos perigos dun tipo de sociedade baseado na perda de calquera xeito de resistencia, ou, como di el, de toda condición de negatividade, da negatividade do outro, do extraño, do que non cae baixo o imperio insaciable do ollo panóptico, baixo a lisura do idéntico, baixo a uniformidade dunha

comunicación que, ao pretender iluminalo todo, exclúe a complexidade, os matices, o misterio de cada vida.

Converte o persoal en impersonal e o intransferible en transferible. A singularidade dilúese na pura mecánica dun movemento ben engraxado. Coma no cinema pornográfico, máxima expresión da transparencia, do exceso lumínico.

Non pode ser saudable vivir nun escaparate, exposto a todas as miradas, sen dereito á intimidade e ao segredo, sen posibilidade de manter agochados aos múltiples fantasmas que nos compoñen, e cos que tan necesario é o diálogo íntimo, sen testemuñas, pero é así como nos piden

que vivamos, ou é así como entre todos fomos decidindo vivir; colgados das redes, en exposición permanente, abertos e unidimensionais, venteados coma sabas no tendal do pensamento unificado. Non, non pode ser saudable vivir así. Por iso toca reivindicar o segredo. Eloxar o segredo. O segredo propio, ese lugar sen visitas pero si con vistas, e o segredo que alguén nos entrega para que o gardemos, o segredo co que alguén no pode só e precisa compartilo, o segredo de outro.

Dígocho a ti pero non llo digas a ninguén. Que o que che vou dicir agora non saia de aquí. Isto que che conto tes que levalo dentro ata a tumba. É con frases así

coas que se fai a entrega de algo moi prezado, a entrega do segredo insoportable, o traspaso dunha carga ferinte. Ser depositario dun segredo e un honra en grao máximo.

Os segredos hai que merecelos e só unha persoa digna é quen de darlles unha custodia segura e inquebrantable. Un segredo non se lle entrega a calquera. Se se lle pode entregar a calquera xa non é un segredo senón un simple simulacro, un xogo, unha trampa. Ser depositario dun segredo alleo non é ser dono del. Convén ter clara a diferenza. Cos segredos non se comercia, non se trafica.

Os segredos carecen de valor de uso e de valor de cambio. Os segredos só se gardan.

Entrevista

O ALCALDE DE A CAPELA, MANUEL MEIZOSO, REIVINDICA O PAPEL DO MUNICIPALISMO E CONSIDERA NECESARIO UN CAMBIO NA FINANCIACIÓN DOS CONCELLOS. ASEGURA QUE OS PEQUENOS CONCELLOS, COMO O SEU, SON OS QUE MÁIS SOFREN AS CONSECUENCIAS DE ASUMIR COMPETENCIAS IMPROPIAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Manuel Meizoso,
alcalde de A Capela.

“Durante a pandemia quitámoslle as castañas do lume á Xunta”



Esta é a terceira lexislatura de Manuel Meizoso (A Capela, 1968) á fronte da alcaldía deste municipio da comarca do Eume. Di que aínda non decidiu se será o candidato ás eleccións do próximo ano, pero que tampouco pensa niso actualmente.

Asegura estar centrado en sacar adiante varios proxectos que a pandemia obrigou a retrasar e que agora parece que poden ver a luz. A apertura do coworking de A Capela é, para él, unha das mellores noticias deste mandato.

Este é xa o terceiro ano dunha lexislatura atípica. Segue aínda o COVID marcando a axenda?

Sen dúbida, aínda seguimos pensando nesa clave. Temos que ter moi presentes aos veciños porque as consecuencias da pandemia que vivimos e que estamos vivendo aínda son patentes. Os servizos sociais e as axudas de emerxencia social seguen sendo unha prioridade para nós.

Activamos varios fondos de axuda no seu momento e aínda temos algunha liña de emerxencia social activa a día de hoxe. A nosa prioridade son os veciños e non podemos deixar que ninguén quede atrás.

Moitos proxectos quedaron en

‘standby’ por mor da pandemia, cáles son a prioridade para executar no ano que queda de mandato?

En realidade tiñamos moitos pequenos proxectos que non se puideron executar, pero que tentaremos que saian adiante antes de que finalice este mandato.

Por exemplo, tiñamos proxectado o arranxo de case tódolos viais do concello, que esperamos poder executalos este ano. Ademais temos dúas propostas no marco das axudas de Transición Xusta: unha é para mellorar e cohesionar toda a liña eléctrica do pavillón e do campo de fútbol municipal, para modernizala e gañar en eficiencia enerxética. Supoñerá substituír teitos e iluminacións que redundará nun menor consumo.

E temos outra proposta que é a intervención da antiga casa sindical, onde actualmente temos casa niño, e queremos realizar melloras de eficiencia enerxética, cambiar tellado, envolvente. Poderíamos dicir que é unha reforma case integral.

Temos solicitado tamén unha axuda do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía para a substitución do chan no pavillón do colexio, que é moi antigo e necesita ser renovado.

Qué papel xogaron as administración provincial e a autonómica nesta lexislatura?

Xogaron papeis moi diferentes. A Deputación da Coruña sempre sumou. As liñas de axuda postas a disposición dos municipios, que aínda a día de hoxe seguen activas, foron fundamentais, tanto para nós como concello, como para os pequenos empresarios que aquí temos. E o mesmo as do POS Social para facer fronte aos gastos derivados da pandemia permitíronnos non deixar a ningún atrás.

Sen embargo, respecto á administración autonómica, tocounos asumir moitísimas competencias impropias e durante os meses da pandemia iso foi máis patente que nunca. Recordo, por poñer só un exemplo, o esforzo económico que supuxo a desinfección durante os meses gordos da pandemia dalgunhas instalacións de titularidade autonómica, como os centros educativos.

Sobre todo os pequenos concellos, que temos presupostos moi axustados, tivemos que sacar as castañas do lume á Xunta en moitos momentos, aínda que despois atribuíronse os méritos.

Con qué aspectos positivos se queda destes tres anos?

A pesar de que foron tempos

moi duros a nivel político, social e económico, tivemos a sorte de acoller un dos coworking da rede de espazos de traballo da Deputación da Coruña. Isto foi un balón de osíxeno para nós, porque xa hai catorce proxectos funcionando, tanto de xente da Capela como doutros municipios da contorna.

Este tipo de iniciativas son fundamentais para favorecer a creación de empresas e combater o despoboamento. E tamén, en clave municipal, recibimos a nova de que A Capela acollerá a oficina que xestionará todos os fondos Next Generation dos concellos da provincia.

Outro aspecto positivo que podemos rescatar entre tanta dor e tanto malestar que vivimos nestes tres anos é que algunha xente volveu apostar polo rural. O confinamento deulle unha nova perspectiva a moitos veciños das comarcas próximas sobre a calidade de vida no campo e tivemos a sorte de recibir a novos veciños. Xa non se ven tantos carteis de “se vende” en casas e leiras.

Esperan que a volta á normalidade comece a notarse este verán?

Vai ser fundamental esta tempada turística e a volta das festas para o noso sector ser-

vizos, especialmente a hostalería e as pequenas empresas de aloxamento turístico.

A previsión é que tanto a festa do Requeixo que organiza o Concello como as festas patronais das diferentes parroquias celébranse con normalidade como antes da pandemia, aínda que coas medidas de seguridade pertinentes e vixentes nese momento. Estou seguro de que volveremos ter un verán festivo como antes de 2020.

Queda un ano para a próxima cita electoral. Vai volver ser candidato á alcaldía de A Capela?

Non estou preocupado por iso. Queda aínda un ano moi longo por diante, no que o equipo de goberno só pensa en seguir mellorando a vida dos veciños.

Estamos centrados en sacar adiante todos estes proxectos que mencionaba. Respecto a a miña candidatura, non é algo no que estea a pensar actualmente. É unha decisión que haberá que tomar máis pronto que tarde, pero de momento teño outras prioridades, como é mellorar os servizos e as infraestruturas aos veciños da A Capela, fixar poboación e reforzar o tecido empresarial para seguir creando emprego.

Municipal

O Concello das Pontes prepárase para poñer en marcha a Axenda 2030

O ALCALDE DAS PONTES, VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, REUNIUSE CO SECRETARIO DE ESTADO DE AXENDA URBANA E VIVENDA, DAVID LUCAS, E CO DELEGADO DO GOBERNO EN GALICIA, JOSÉ MIÑONES

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso reuniuse co secretario de Estado de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, David Lucas, e o delegado do goberno en Galicia, José Miñones, co fin de abordar os traballos realizados polo Concello das Pontes para a posta en marcha da Axenda Urbana 2030 no municipio.

González Formoso destacou a importancia de ser unha das 121 entidades locais a nivel do estado e unha das sete localidades galegas, elixidas polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana para a elaboración de proxectos piloto de Plans de Acción Local da Axenda Urbana Española.

“É unha clara aposta por As Pontes que queremos agradecer ao Ministerio e que nos permitirá revisar e actualizar os retos do municipio, configurando un modelo de desenvolvemento urbano ambiental, social e economicamente sostible, para participar no futuro



O secretario de Estado de Axenda Urbana, David Lucas, situou ás Pontes coma un exemplo.

da xestión do parque de vivendas, no urbanismo sostible, na economía circular e, en definitiva, en todos aqueles proxectos que teñen que ver coa calidade de vida da nosa veciñanza. Estamos ante un reto importante e esperamos contar co apoio da cidadanía para acadalo”, indicou o rexedor.

Pola súa banda, o secretario de Estado de Axenda Urbana e Vivenda, David Lucas, incidiu na calidade do proxecto co que o Concello das Pontes se

presentou ao programa de axudas.

“Intentamos escoller os mellores proxectos, aqueles que estaban rozando a excelencia. Eliximos 121 para todo o país e isto di moito da proposta presentada desde As Pontes. Optouse polas Pontes pola súa traxectoria, porque ten solucións para os problemas actuais aos que se enfrontan as entidades locais e ademais porque ten perspectiva de futuro, solucións que non só son boas para

As Pontes, senón que van ser un exemplo no que se van fixar moitísimos concellos en Galicia e en España”, sostivo Lucas.

Tamén, José Miñones, delegado do Goberno en Galicia, apuntou que “o que se busca co deseño da Axenda 2030 é un modelo de boas prácticas para que os concellos, a través desta primeira experiencia, poidan darlle continuidade a estes proxectos pilotos en cada un dos seus territorios”. “Xa nos consta que hai municipios que

están traballando nesta liña, marcando os seus obxectivos de xestión, a dez anos vista, en relación ao medio ambiente, a mobilidade ou a eficiencia enerxética”, explicou.

A Axenda Urbana Española é un documento estratéxico, sen carácter normativo, de adhesión voluntaria, que persegue o logro da sustentabilidade nas políticas de desenvolvemento urbano. Constitúe un método de traballo para todos os actores, públicos e privados.

Municipal

As Pontes adxudica as obras da nova pasarela sobre o Eume

O Concello das Pontes adxudicou á empresa Maren Servicios e Ingeniería S.L as obras de construción dunha nova pasarela peonil sobre o río Eume, paralela á ponte de Isabel II, acorde coa contorna e adaptada ás medidas de accesibilidade vixentes.

O proxecto, cun orzamento de 168.441 euros con cargo á Deputación da Coruña, ten como obxectivo mellorar a accesibilidade e mobilidade no casco urbano e garantir unha mellor calidade de vida entre toda a veciñanza.

Así, procederase á substitución da actual pasarela por outra con xeometría triangular que permitirá minimizar o impacto visual da estrutura, sen entrar en conflito co patrimonio histórico da vila.

Sobre esta estrutura, instalárase unha plataforma peonil con acabado en tarima de madeira tecnolóxica que, a través de diversos planos, evitará a formación de pantallas verticais que dificulten a visión da contorna e creará unha zona de tránsito máis ampla, cómoda e segura,

de dous metros de ancho, para os peóns.

Por outra banda, co obxectivo de potenciar unha imaxe de unidade e lograr a perfecta integración coa contorna, os elementos de aceiro pintaranse. A actuación tamén contempla a instalación de alumado led en liña, baixo os pasamáns e o mobiliario urbano, e alumado indirecto sobre a ponte de Isabel II. Desde o Concello fan fincapé en que este proxecto permite avanzar na renovación integral da Avenida de Galicia e da Avenida de Lugo.



O proxecto ten un orzamento de 168.441 euros.

Municipal

Comeza a reforma do aparcamento da Casa do Mar de Pontedeume

AS OBRAS INCLÚEN A CREACIÓN DUNHA BEIRARRÚA DE LOUSA; A INSTALACIÓN DUNHA NOVA ILUMINACIÓN NO CHAN E A RENOVACIÓN DA ZONA VERDE

O Concello de Pontedeume informou no mes de abril do inicio dos traballos de remodelación e renovación do espazo de aparcadoiro que está ubicado ao carón da Casa do Mar, na entrada da vila.

Desde o mércores 20 de abril empezaron a chegar as máquinas e os traballadores que levan a cabo estas tarefas. As obras consisten en retirar as diferentes pavimentacións existentes na actualidade para instalar formigón desactivado na zona para aparcar, redistribuindo e optimizando o espazo. Ademais, estes traballos tamén inclúen a creación dunha nova beirarrúa de lousa de pedra, que vai desde o final da ponte de Pedra ata o peirao.

“Esta zona necesitaba unha reforma para mellorar o espazo e humanizalo, reforzando



Os traballos contan cun orzamento duns 100.000 euros.

ademais a seguridade de vehículos e peóns”, asegurou o concelleiro de Obras de Pontedeume, Daniel Ríos.

A actuación, cofinanciada entre o Concello e a Deputa-

ción provincial da Coruña, ten un orzamento próximo aos 100.000 euros e inclúe a instalación dunha nova iluminación empotrada no chan e a reforma da zona verde.

“Comprometímonos desde o ano 2015 a habilitar novas zonas para aparcar en Pontedeume e a remodelar as existentes”, explicou, pola súa parte, o alcalde do municipio,

Bernardo Fernández. Este compromiso coa mellora no aparcamento únese á compra de terreos en Andrade, Ombre e Vilar para convertilos en zonas de estacionamento.

Municipal

Pontedeume terá un novo parque infantil e un circuito de calistenia

O Concello de Pontedeume aprobou en pleno un modificativo de crédito con cargo ao remanente municipal de preto de 100.000 euros para acometer dúas actuacións en Andrade e o paseo marítimo.

A primeira obra é a instalación dun novo parque infantil e biosaudable na parroquia de Andrade, grazas á cesión por parte dos veciños e veciñas dos terreos onde irá ubicado.

O goberno local quixo agradecer publicamente a intensa colaboración da asociación de veciños e veciñas da parroquia para impulsar esta actuación.

Por outra parte, o municipio de Pontedeume contará cun circuito de calistenia no paseo marítimo. Con esta intervención preténdese continuar na liña de dinamización desa zona do concello, onde hai tamén un renovado par-



Recreación do futuro parque de Andrade.

que infantil e biosaudable e haberá unha cantina, que está á espera das autorizacións sectoriais.

Cando o Consistorio dispoña das autorizacións necesarias para a construción do parque de Andrade e o circuito de calistenia, licitaranse as obras. “Podemos afrontar estas actuacións pola boa xestión económica dos últimos anos, o que nos permite ter

unha economía saneada e remanente para acometer proxectos que dan ademais resposta ás demandas veciñais”, explicou Daniel Ríos, responsable da Concellería de Obras e Facenda.

Pola súa parte, o alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández, lembrou que “no 2015 iniciamos un proceso de renovación e posta en marcha de novos espazos de lecer pa-

ra nenos e familias; só no último ano inauguramos os de Centroña, Lombardero e Vizús, e agora continuamos co de Andrade”.

Por último, o Concello destinará tamén unha partida do modificativo á compra de dous bolardos automáticos, dentro da renovación progresiva na que se atopan os actuais, con máis de dez anos e deteriorados.

Economía



Estrella Galicia fai cervexas con grelos do Val de Xestoso

A firma cervexeira galega Estrella Galicia anunciou no mes de abril o lanzamento dunha nova edición especial de cervexas elaborada con grelos da parroquia do Val de Xestoso, no concello de Monfero. Co uso deste ingrediente icónico da cultura gastronómica de Galicia, a compañía quere poñer de novo o foco na súa orixe para “aplicar o seu espírito innovador aos produtos da agricultura local na procura de novos sabores que reflictan a súa esencia galega”.

Deste xeito, a cervexeira, pertencente á corporación Hijos de Rivera, venderá aproximadamente 10.000 litros desta edición especial. Para facer esta receita conta con dous aliados galegos, o proveedor de produtos locais Mihulloa, en Palas de Rei (Lugo), que aporta a verdura deshidratada e a Cooperativa Val Xestoso, que achega o grelo fresco. De xeito, no anuncio de promoción da bebida, saen varios membros da entidade de Monfero: Jose M., Maruja, Vanesa e Paco.

“Estamos orgullosos de que se use o produto local para facer artigos innovadores desde a tradición, xa que os grelos de Xestoso son un alimento de calidade e así deben ser recoñecidos”, destacan desde o goberno local de Monfero.

Tanto o grelo deshidratado como o fresco se engaden á re-

A COOPERATIVA DE MONFERO ACHEGA O GRELO FRESCO PARA ESTA EDICIÓN ESPECIAL CON AROMAS VEXETAIS CHAMADA ‘A DE GRELOS’ E PENSADA PARA OS CONSUMIDORES “MÁIS ATREVIDOS”

ceita en dúas fases durante a etapa de elaboración, tanto na sala de cocción como na bodega, nun proceso bautizado como ‘dry greling’ en homenaxe ao ‘dry hopping’, que se realiza co lúpulo no proceso tradicional. “O resultado é unha cervexa fácil de beber, cunhas notas vexetais en aroma e sabor que remiten con claridade ao ingrediente protagonista”, asegura Estrella Galicia.

O mestre cervexeiro Luís Alvar incidiu no carácter innovador e valente desta nova edición especial. “Buscamos aos amantes da cervexa máis atrevidos, aqueles que queren experimentar novos sabores. Se fai uns anos dixésemos que íamos tomar cervexa con sabor a polbo, a castañas ou a grelos, tomaríannos por tolos; agora demostramos que é posible facelo cun produto de excelente

calidade e sabor”, subliñou o experto.

‘A de grelos’ ocupa o posto número dezaioito dentro das edicións limitadas lanzadas por Fábrica de Cervezas, produtos que buscan unir o carácter máis experimental da compañía co seu espírito artesán e a súa aposta polos sabores tradicionais galegos como o polbo, os pementos do padrón, as castañas ou os percebes.

Ademais, Estrella Galicia quere demostrar co lanzamento de ‘A de grelos’ o seu “compromiso” coa súa orixe, a través da agricultura local e os provedores galegos, como un dos piares que sustentan a estratexia de impacto positivo da

compañía. Este plan de Hijos de Rivera aglutina tamén o traballo conxunto cos seus aliados para a protección e o coidado do planeta, así como as persoas. A compañía subliña deste xeito o seu compromiso para seguir buscando novas solucións e alianzas que permitan tecer redes que xeren un impacto positivo cada vez maior.

“Somos de natureza inconformista e tomámonos moi en serio a nosa terra e o noso produto, buscando sempre a forma de seguir mellorando e innovando cada día máis sen renunciar ao noso espírito artesán”, sinalou o brand manager da Fábrica de Cervezas Estrella Galicia, Luís Romero.



Varios veciños de Xestoso saen no vídeo promocional da marca.

Benestar Social

Teatro nas Pontes para empoderar ás mulleres coidadoras

O Concello das Pontes organiza o taller de interpretación teatral ‘Abrindo o telón dos coidados’ dirixido ás coidadoras informais do municipio. A través desta proposta, o servizo de Benestar Social busca contribuír ao empoderamento, mellora psicolóxica, recuperación emocional e participación das mulleres coidadoras informais de persoas dependentes para, deste xeito, conseguir reforzar a súa identidade, a súa autoestima e, en definitiva, mellorar a calidade de vida das participantes neste taller.

“A través deste programa queremos, mediante a interpretación e a educación teatral, potenciar a creatividade e habilidades persoais das mulleres coidadoras da vila, desenvolvendo a súa imaxinación, estimulando a espontaneidade, aumentando a percepción, sensibilidade e seguridade nelas mesmas, fomentando a eliminación de complexos para, deste xeito, reforzar a súa autonomía, autoestima e personalidade”, explicou Tania Pardo, concelleira de Benestar Social e Igualdade.

O programa, dirixido a mulleres que desenvolveron ou desenvolven coidados no ámbito familiar, comprende nove sesións de traballo de dúas horas de duración cada unha, que inclúen asesoramento personalizado e o desenvolvemento de diversas actividades lúdicas que formarán a táboa básica que preparará ás usuarias para unha representación teatral.

Serán diferentes talleres nos que se abordarán aspectos como as dinámicas de percepción (voz, concentración e atención, retención e memoria), a teoría sobre o proceso teatral e os seus beneficios sobre as persoas coidadoras, xogos motrices e de representación, expresión corporal e mímica, actividades de improvisación así como dinámicas para entender a interpretación como unha arte de transmitir un texto con naturalidade e emoción.

Todas as actividades se levan a cabo na aula polivalente da Casa Dopeso, desde o 29 de abril ata o 23 de xuño, os venres, de 10:00 a 12:00 horas. “Neste taller, as mulleres coidadoras comprenderán e interiorizarán outro punto de vista sobre a súa propia vida”, remarcou a concelleira Tania Pardo.

Emprego

Vinte persoas formaranse na terceira edición de 'Ártabro Emprende'

OS CONCELLOS ACADARON UNHA SUBVENCIÓN DE MÁIS DE 500.000 EUROS PARA IMPARTIR ESTE PROGRAMA QUE ESTÁ DIRIXIDO A PERSOAS DESEMPREGADAS

Os Concellos de Pontedeume, Miño, Cabanas, Monfero e Paderne presentaron a terceira edición do obradoiro 'Ártabro Emprende'.

Os cinco Consistorios participantes alcanzaron unha subvención de máis de 500.000 euros da Consellería de Emprego que durante doce meses permitirá ás vinte persoas participantes obter os certificados de profesionalidade nas especialidades de 'Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes' e 'Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes'.

A proposta presentada polo



Pontedeume, Miño, Cabanas, Monfero e Paderne presentaron a terceira edición do obradoiro.

Concello de Pontedeume para a realización da parte prácticas do primeiro módulo comprende os Camiños de Vilar aos Chapizos,

a Rúa Calexa, os roteiros peonís á ermida de Breamo e ao Castelo de Andrade, así como os lavadoiros de Chao e Rega de Om-

bre, a fonte pública da estación de ferrocarril, a fonte de Santa Margarita e en Costa de Vilar e a fonte dos Pollos.

Ademais, no módulo de mantemento de xardíns están recollidas actuacións no paseo marítimo Rosalía de Castro e no parque Alcalde Sarmiento.

No caso do Concello de Cabanas, a proposta do goberno municipal inclúe rozas, retirada de masa forestal, segas de herba, aireación do chan, así como diferentes traballos de mantemento de espazos axardinados. Estes traballos executaranse no paseo e contorna das praias da Madalena e Fabal, Escola Laica, casa do Concello, parques municipais, área recreativa da Veiga, contorna do embarcadero do Día Oito e río Eume.

Para poder optar ao futuro proceso de selección a esta iniciativa de formación as candidatas e candidatos deberán estar rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia e que percibirán o 100% do salario mínimo interprofesional, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

PONTEDEUME ROMERIA DE BREAMO

DOMINGO, 8 DE MAIO DE 2022



Municipal



O reitor da USC, Antonio López, e o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, asinaron un convenio.

As Pontes e a USC alíanse para traballar en proxectos científicos e pedagóxicos

O PROTOCOLO, QUE TERÁ VIXENCIA DE CATRO ANOS, SUSTÉNTASE NOS PRINCIPIOS DA AXENDA 2030 POLA SOSTIBILIDADE

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio López Díaz, asinaron o pasado 21 de abril un convenio de colaboración entre as institucións que representan que servirá de marco para que ambas coope- ren en actividades científicas, pedagóxicas, educativas ou de investigación, entre outras, ao longo dos vindeiros catro anos.

O reitor Antonio López e o alcalde Valentín González Formoso formalizaron este acordo nun acto que se desenvolveu no

Colexio de San Xerome, na capital galega. O documento contempla diversas modalidades de colaboración como a execución de distintos proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, a realizar entre os diferentes institutos ou centros da USC e o Concello das Pontes.

A cooperación en programas de formación de persoal investigador e técnico ou o asesoramento mutuo en múltiples asuntos e cuestións relacionadas coa actividade das dúas entidades son outros dos eidos de actuación que establece o documento.

Ademais, o Concello das Pontes e a USC poderán traballar de xeito conxunto na organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación,

a docencia e o desenvolvemento tecnolóxico.

As distintas colaboracións derivadas do protocolo deberán formalizarse a través de convenios específicos. No marco deste acordo, tanto o Concello das Pontes como a USC poderán autorizar ao seu persoal a realizar estancias na outra entidade.

Ademais, este acordo que acaba de formalizarse susténtase nos principios da Axenda 2030 de Nacións Unidas que ten entre os seus fins promover o desenvolvemento mobilizando os medios oportunos para a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). En concreto, o protocolo asinado abrangue os ODS 4 (Educación de calidade), 9 (Industria, innovación e infraestruturas) e 17 (Alianzas para lograr os obxectivos).

Sociedade

O Concello de Pontedeume revisa as rutas dos camiños escolares

O Concello de Pontedeume, en colaboración coa Policía Local e a Asociación Stop Accidentes, revisou a principios do mes de abril as rutas dos camiños escolares. Esta iniciativa foi froito da información vertida polas enquisas ás familias do alumnado dun dos centros educativos do municipio. Na visita participou a delegada en Galicia de Stop

Accidentes, Jeanne Picard, con membros do executivo local.

No derradeiro trimestre escolar, o Concello seguirá traballando na posta en marcha dun camiño á escola completamente seguro, autónomo e respectuoso co medio ambiente.

Deste modo, o goberno local pretende facer realidade os percorridos indicados nas en-

quisas, reforzando a sinalización da zona escolar e traballando cos máis pequenos e pequenas a educación vial por medio de distintas conferencias e obradoiros. “Grazas a todos e todas por colaborar na construción dunha vila inclusiva e respectuosa tamén cos máis pequenos!”, exclamaron dende o Executivo local.

Municipal

Monfero programa unha ruta a Carbueira e Penacabada

O Concello de Monfero volve organizar unha nova edición dos roteiros e andainas populares polos distintos cumes do municipio. Tras o éxito da primeira cita, a segunda dos roteiros terá lugar o sábado 14 de maio.

Nesta ocasión o percorrido levará aos participantes por dous dos miradoiros máis espectaculares da zona, o de Carbueira e o de Penacabada. Ademais, haberá dous roteiros segundo a capacidade de cada participante: unha de cinco quilómetros e outra de dez.

Ás 15:30 os participantes reuniranse diante do mosteiro e ás 15:45 un autobús recolleraos para levalos ao lugar de inicio da camiñada. O Concello de Monfero poñerá á súa disposición bebida, monitores e un coche de apoio por se fose necesario trasladar a alguén.

Aquelas persoas interesadas en participar poden formalizar a súa inscrición ata o 10 de maio no Polideportivo Municipal do Xestal ou no teléfono 981 793 213, en horario de 16:00 a 20:00, de luns a venres.

Municipal

Abre ao público a Oficina de Información e Turismo de Cabanas

O Concello de Cabanas abriu ao público a Oficina de Información e Turismo (OIT), situada no Parque do Areal. As persoas que se acheguen até este punto de información, poderán recibir en formato papel ou electrónico planos, folletos e outra documentación sobre Cabanas, o Camiño de Santiago e a provincia da Coruña, ademais de información sobre horarios de acceso ao patrimonio, transporte e actividades.

“Todas as previsións apuntan a que nesta tempada superaranse as cifras de visitantes de anos anteriores, e estamos preparadas para que as persoas que queiran coñecer Cabanas e o seu entorno poidan recibir a información que

necesitan e descubrir todo o que temos para ofrecer”, sinalou o tenente alcalde e responsable de turismo, Iago Varela. O servizo de atención a visitantes de Cabanas está cofinanciado pola Deputación da Coruña.

A apertura ao público da oficina tamén supón a estrea da nova imaxe da mesma, logo das actuacións de mellora exterior executadas pola área de turismo municipal. Entre estas melloras inclúese un recubrimento formado pola composición de imaxes de diferentes puntos do concello de Cabanas. Iago Varela explicou que “este cambio de imaxe contribúe a mellorar a estética da OIT e a súa integración no entorno”.



O Concello executou labores de mellora no exterior da OIT.

Sindo Vilariño, catedrático de Economía

A chegada do teléfono: A Central Telefónica de Pontedeume

Os avances tecnolóxicos de comezos do século XX van chegando ás pequenas localidades como a nosa, con atraso e lentitude. A gran novidade que supoñían as comunicacións por teléfono, non ían ser unha excepción. Nun Pleno do Concello de Pontedeume de outubro de 1916, xa se facultaba ao alcalde Melanio Roberes Alonso a que solicitase ao director xeral de Comunicacións a instalación dun centro telefónico urbano que enlace aos pobos e moradores deste Partido Xudicial entre si e coa Rede Xeral de Telégrafos e Teléfonos do Estado. Ían pasando os anos e a pesar das xestións seguíamos sen teléfono.

En abril de 1924, durante a ditadura do xeral Primo de Rivera, créase a Compañía Telefónica Nacional de España (CTNE), como monopolio para explotar o servizo telefónico, empresa que estaba participada maioritariamente pola multinacional norteamericana ITT Corporation, e vaise dar un forte pulo á implantación do servizo.

Haberá aínda que agardar ao trinta de xullo de 1927, para que en Pontedeume se inaugure a súa primeira Central Telefónica, na casa do industrial e concelleiro Jesús Piñeiro Piñeiro (Fonda Piñeiro), no número un da rúa Inmaculada, e a encargada do novo servizo será a súa filla María Piñeiro Pérez.

Celébrase un acto oficial ás cinco da tarde, presidido polo alcalde en funcións, -o avogado Florencio González Villamil-, acompañado doutras autoridades locais, dos alcaldes de Ares, Cabanas, Mugardos, Fene e Miño, e doutros invitados como o axudante de Mariña Benito Domingo Carballera ou representantes do comercio e industria local.

A noticia da inauguración é recollida por La Voz de Galicia no seu número do trinta e un de xullo: *“As autoridades reuníronse na Casa do Concello, e precedidos pola banda municipal dirixíronse ás oficinas da nova central telefónica que se atopa na casa do acreditado industrial Sr. Piñeiro na rúa Inmaculada Concepción, onde foron recibidos polo xefe da estación telefónica da Coruña D. Santos Velasco e a encargada da nova central de Pontedeume, María Piñeiro.”*

A bendición “dos aparellos” realízase o cura-párroco José Manuel Cendán Sánchez e será



Telefonistas nas dependencias da rúa San Miguel. Finais dos anos sesenta.



Asistentes ao acto diante do Concello. (Foto publicada en La Voz de Galicia o 4 de agosto 1927).

o alcalde quen realice a primeira chamada oficial ao Gobernador Civil da Coruña. Para conmemorar este acontecemento, que é salientado como signo de prosperidade para Pontedeume, celébrase un “lunch” nos baixos do Concello, e pola noite unha verbena popular.

Xa en decembro de 1932 a Compañía Telefónica, por resolución do Concello, instalará teléfonos públicos nas parroquias de Ombre, Nogueirosa e Vilar. Logo de pasados uns meses, tocaralle a instalación á parroquia de Centroña.

En 1945 a CTNE convértese en monopolio estatal ao naciona-

lizala o goberno de Franco comprando preto do 80% das accións. Anos máis tarde a Central Telefónica trasládase uns metros, a Inmaculada catro, e rexentará ata o ano 1953, as irmás Elvira e Juana Martínez Vizoso, netas de José Vizoso e Juana Calvo que eran titulares dunha tenda e estanco na Tafona 2.

A partir de 1953 as irmás Elena e Consuelo Vilariño, a primeira como contratista-encargada do Centro Telefónico e a segunda como empregada, fanse cargo do servizo no primeiro piso do número catro da rúa Inmaculada, onde estarán ata finais de 1957, ano en que abren as novas dependencias ou locutorio, nun baixo da rúa San Miguel 9. Nesta Central xestionábanse as chamadas urbanas e interurbanas, tanto dos abonados, como as que se solicitaban directamente a través das cabinas. Ademais, elaborábase a facturación tanto dos clientes de Pontedeume, como dos abonados de varios centros telefónicos da comarca, cobrándose a domicilio os recibos mensuais. As telefonistas empregadas durante estes anos sempre foron mulleres, e a instalación, mantemento e reparacións das liñas telefónicas corrían a cargo de homes.

Nesta última localización situarase a central ata o seu peche definitivo a mediados dos anos setenta, pola automatización do servizo e a construción dunha nova estación telefónica local automatizada, sen servizo ao público, no número catro da avenida do doutor Villanueva.

XABÓN LAGARTA

A BANDA DA LOBA

As Pontes - Cine Auditorio Municipal Alovi
14 de maio 2022 - 20:00 h



CULTURA
AS PONTES

As Pontes

Seispés
productions creativas

Venda de entradas en WWW.TICKENTRADAS.COM
E na billeteira do auditorio o mesmo día desde as 19 h.

Turismo



O Mosteiro de Monferrer abrirá de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Monferrer amplía os horarios de visita do Mosteiro e do portal de entrada ás Fragas

O GOBERNO LOCAL
TEN COMO OBOXECTIVO
MELLORAR O SERVIZO
DE ATENCIÓN AOS
VISITANTES E IMPULSAR
O TURISMO NA ZONA

O Mosteiro de Monferrer e o Portal de Entrada e Interpretación das Fragas do Eume, dous puntos emblemáticos do municipio, amplían os seus horarios para mellorar o servizo que prestan aos visitantes.

Coa finalidade de impulsar ambos os polos de atracción turística, o Concello decidiu ofrecer un servizo máis amplo, como o fixo nesta Semana Santa. Así, as persoas interesadas en visitar o Mosteiro de Monferrer poderán facelo en horario de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00. O Mosteiro abrirá desde

o 1 de maio ata o 22 de outubro, de mércores a domingo.

Así mesmo, quen desexa acudir ao Portal de Entrada e Interpretación das Fragas do Eume atoparano aberto dende o 1 de maio ata o 30 de setembro, de mércores a domingo, en horario de 10:30 a 14:00 e polas tardes de 14:30 a 18:00.

O goberno local de Monferrer busca facilitar o acceso dos visitantes a estes dous puntos de interese e impulsar así o turismo da zona, o que repercutirá de forma positiva na economía do municipio.

O Parque Natural Fragas do Eume con máis de 9.000 hectáreas, abarca os concellos de A Capela, Cabanas, Monferrer e Pontedeume. Catalogado como parque nacional desde 1997, este espazo está considerado como un dos bosques atlánticos mellor conservados de

Europa. Alberga numerosas especies de árbores, máis de 20 de fentos, 200 de líques e unha variadísima fauna.

Unha das súas portas de entrada atópase no municipio de Monferrer, menos coñecida que a de Pontedeume para boa parte do público. Por iso é polo que o Concello quere impulsar as visitas ás Fragas na súa zona, unha alternativa atractiva para quen quere gozar do parque natural.

O Mosteiro é unha das portas de entrada á reserva natural. Fundado no século XII e encomendado á orde cisterciense, tivo o seu esplendor entre os séculos XVI e XVII, comezando a súa decadencia no XIX. Xa no século XX someteuse a distintas campañas de restauración pero segue pendente unha rehabilitación integral do complexo monacal.

Cultura

Aberto o prazo de inscrición no Certame de Poesía de Cabanas

O Concello de Cabanas anunciou o "III Certame de Poesía Concello de Cabanas", que se enmarca na programación posta en marcha para conmemorar o Día das Letras Galegas, que este ano homenaxea ao autor Florencio Delgado.

O certame ten como obxectivo fomentar o uso e prestixio da

lingua galega, en calquera das súas normativas, a través da expresión artística e a creatividade. Está dirixido ao público de todas as idades, divididas en dúas categorías: infantil e xuvenil, até os 17 anos inclusive, e adulta, a partir dos 18 anos.

As persoas interesadas en participar teñen de prazo até o

próximo 17 de maio ás 23:00 para facer chegar as súas obras, que deberán ser textos inéditos e integramente en lingua galega, a través do correo normalización@cabanas.gal. Xunto a obra, deberase presentar tamén a ficha de inscrición. Ademais, o Concello organizará máis actividades polas Letras Galegas.

Sociedade

A celebración dos Maíos enche de flores Pontedeume

O Concello de Pontedeume organizou o domingo 1 de maio unha nova edición do "Concurso de Maíos", na que os participantes percorreron a vila cos seus maíos. O acto comezou nos Xardíns de Lombardero, anexos ao Torreón dos Andrade, onde se ini-

ciou o percorrido de todas as figuras realizadas ata a Alameda de Rajoy. Alí quedaron os maíos expostos para que o público poida gozar deles despois da valoración dos membros do xurado. A Asociación Folclórica Cultural Orballo participou no acto.



Servizos

Cabanas terá mellores conexións móbiles de alta velocidade

As operadoras Telefónica, Vodafone e Orange veñen de anunciar que realizarán en Cabanas o proceso de implantación dos servizos de telefonía móbil de nova xeración 4G e 5G sobre as bandas de 800 e 700 MHz, respectivamente, o que permitirá á veciñanza desfrutar de conexións móbiles de alta velocidade e cunha mellor

cobertura no interior dos edificios, ademais dunha maior extensión xeográfica.

Para garantir a compatibilidade da nova tecnoloxía coa televisión dixital terrestre (TDT), as operadoras puxeron en marcha a entidade Llega700, encargada de solucionar calquera afectación na recepción do sinal de televisión.

Sociedade

Recoñecemento e homenaxe ás mulleres do 10 de marzo

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO DESTACA QUE A DEPUTACIÓN REFORZA TODOS OS SEUS PROGRAMAS SOCIAIS “PARA NON DEIXAR A NINGUÉN ATRÁS NA SAÍDA DA CRISE”

A Deputación da Coruña homenaxea ás mulleres do 10 de marzo de Ferrol, que reivindicaron e loitaron polas liberdades e os valores que hoxe permiten que vivamos en democracia. A recepción das nomeadas como Republicanas de Honra 2022 forma parte dos actos da xornada en recoñecemento organizada pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña.

O presidente Valentín González Formoso e a deputada de Igualdade, María Muño, recibiron hoxe na sede provincial a Rosario Alabau, Carmela Amor, Libertad Barcia, Josefina Freijomil, María del Carmen García, Divina García, Ana María García, María Cristina García, Pilar Graña, María del Carmen Hermida, Josefa López, Manuela López, Ánxela Loureiro, María A. Loureiro, Teresa Mandiá, Marisol Novás, Pilar Otero, Manuela Paredes, María Pérez, Josefa Piñón, Encarna Puentes, Antonia Rey, Rosa Suárez e Josefa Varela.

Un encontro no que Formoso subliñou o importante papel de todas elas, e das que hoxe non poden estar con nós, “na loita por unha sociedade libre, xusta e democrática”.

Formoso agradeceu o nomeamento das mulleres do 10 de marzo como Republicanas de Honra por parte da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica e sinalou que contribúe “a visibilizar” o seu papel na defensa duns valores democráticos “que foron truncados polos mesmos que perseguiron, que exiliaron, que provocaron a invisibilización das mulleres durante décadas e que provocaron a morte de Amador e Daniel no ano 72”.

A deputada de Igualdade, María Muño, lembrou que o 10 de marzo de 1972, hai agora cincuenta anos, a policía da ditadura matou a Amador Rey e a Daniel Niebla, houbo 40 obreiros feridos de bala, 160



■ **As mulleres do 10 de marzo de Ferrol xogaron un papel protagonista na loita pola amnistía dos presos políticos**

despedidos e máis dun cento de detidos e ducias de encarcerados.

“Os sucesos de Ferrol e tamén de Vigo, son todo un fito nunha loita obreira e antifranquista moito máis ampla...Neses acontecementos tamén había mulleres, mulleres como as que hoxe recibimos aquí. Mulleres a quen a historia máis unha vez quere silenciar, invisibilizar, borrar. E por iso é tan

importante rebelarnos contra ese relato. Aquí temos o exemplo dun grupo de mulleres que estiveron en primeira liña desa loita. Mulleres que parafraseando a Fina Varela, un día puxéronse en pé e non voltaron axeonllarse, e por iso nos piden que non esqueamos o seu relato. Por iso, por lembralas, por achegarnos os seus testemuños, o que viviron en primeira persoa, agradézolle a

asociación pola recuperación da memoria histórica que as tivesen en conta nomeándoas Republicanas de honra neste 2022”, afirmou a deputada.

Beatriz Gómez, portavoz das mulleres, agradeceu o recibimento e o nomeamento do colectivo como Republicanas de Honra cando se cumpre medio século dos sucesos do 10 de marzo de 1972. “O esforzo que se fixo valeu para algo, porque hoxe gozamos dunhas institucións democráticas. Pero temos que seguir pelexando porque os dereitos obtidos non se perdan”, afirmou Gómez, que tivo un recordo emocionado “para as que xa non están”.

Un recordo que expresou tamén Rosario Alabau, da Fundación 10 de marzo, que sostivo que as mulleres “arriscaron as súa vida polos seus homes, pais e fillos”. “Elas gardan a memoria dun pobo que loita pola recuperación da dignidade”, sostivo.

As mulleres do 10 de marzo de Ferrol xogaron un papel protagonista na loita pola amnistía dos presos políticos con motivo das protestas obreiras do 10 de marzo de 1972 en Ferrol, que se saldaron coa morte de Amador Rey e Daniel Niebla, dous sindicalistas de CCOO asasinados pola policía franquista.

Segundo recolle a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, o relato histórico olvidouse do labor destas mulleres e dos movementos organizados por elas, quedando invisibilizadas baixo os apelidos dos seus esposos. Foi no 2018 cando se comezou a recoñecer o seu traballo coa concesión do X Galardón do Día Internacional das Mulleres.

O 9 de marzo estiveron fóra do estaleiro ferrolán informando a aqueles que pasaban e manifestándose e, o día seguinte, 10 de marzo, colaborando cos feridos nos centros de saúde, reuníndose con autoridades e organizando unha nova mobilización. Desde este día e ata o ano 1976 dedicáronse á loita polas liberdades e denuncia dos acontecementos na busca da amnistía con encontros con autoridades, coloquios para visibilizar a situación no cárcere, recollendo firmas, ofrecendo refuxio ás persoas perseguidas e visitando aos presos.

Cultura

O festival Jazz de Ría chega a Neda, Narón e Cedeira na sexta edición

ENTRE O 11 E O 14 DE AGOSTO, ESTE EVENTO OFRECERÁ UNHA PROPOSTA ARTÍSTICA CON MISTURAS DE JAZZ GALEGO E NACIONAL

No parque Freixeiro de Narón presentouse a programación da 6ª edición do Festival Jazz de Ría, que celebrárase entre o 11 e o 14 de agosto de este ano. No acto participaron a alcaldesa de Narón, Marián Ferreiro e o director técnico do Pazo da Cultura de Narón, Luciano Fernández; a concelleira de Cultura de Neda, Verónica Vigo e a técnica de Cultura de Neda, Copi Villamil; o alcalde de Cedeira, Pablo Moreda, e o técnico de Cultura de Cedeira, Quique Vázquez; e a directora do festival, Aitana Cuétara.

Aitana Cuétara presentou o programa desta sexta edición como “unha proposta artística que procura un equilibrio entre o jazz galego e os proxectos máis interesantes do jazz estatal, apostando polo intercambio e a colaboración con artistas e festivais doutros lugares”.

Sobre a selección de propostas deste ano, a directora explicou que despois de propoñer en 2021 unha programación moi contemporánea, neste 2022 quixo achegarse máis ás marxes do jazz; “con propostas que xo-



Presentación do festival no parque de Freixeiro.

gan con outros estilos, como o soul das Sey Sisters, o flamenco dos Aurora ou as músicas populares d'A Brigada Bravo&Díaz”.

O alcalde de Cedeira, Pablo Moreda, mostrouse ilusionado por unirse ao festival, que vai coincidir co comezo das festas da vila. Moreda sinalou que queren sumar forzas para “poñer en valor o jazz e as músicas que se cruzan con el, nunha vila como Cedeira, onde a cultura e sobre todo a música teñen sinais diferenciadores”.

Tamén formulou o desexo de que a participación de Cedeira perdure no tempo e que “nuns anos o festival sexa unha referencia á que se somen moitos máis Concellos”.

A alcaldesa de Narón, Marián Ferreiro, lembrou que “a edición do ano pasado foi un éxito” e que a vontade do Concello é continuar facendo parte do festival. Ferreiro animou á xente a que “asistan aos concertos en calquera das vilas, xa que non coinciden e

que gocen desta semana de agosto”.

Pola súa banda, a concelleira de Cultura de Neda, Verónica Vigo, falou do roteiro Ornithology polo río Beelle, que “vai estar limitada a 25 ou 30 persoas, pero que no final abrirá o aforo para que moita máis xente poida gozar do canto dos paxaros, da narración de Quico Cadaval e da música de Pablo Castaño”.

A programación do festival deséñase para cada localización

concreta, polo que a integración no territorio é total. A participación da veciñanza e a recuperación da memoria son tamén parte da filosofía do Jazz de Ría. Todas as actividades son abertas, gratuítas e accesibles.

O Jazz de Ría recibiu en 2021 o Premio Organistrum Extraordinario nos Premios Martín Códax da Música, polas súas boas prácticas de sustentabilidade e igualdade, en materia laboral, e na integración na contorna, entre outras cousas.

Municipal

Cedeira incorpora 1 millón de euros dos remanentes

A MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DOTA ECONOMICAMENTE 80 NOVAS PARTIDAS, PARTE DELAS COFINANCIADAS

O pleno da corporación cedeira vén de aprobar, nunha sesión extraordinaria, a incorporación ao orzamento do presente 2022 de preto de 1,1 millóns de euros dos máis de 2,7 millóns de euros que quedaron de remanentes de tesourería tras o peche do exercicio anterior.

Tal como xa sucedera o pasado ano, a ausencia de débeda e a saneada situación económica do Concello permite ao goberno presidido por Pablo Diego Moreda Gil incrementar os recursos para este ano e acometer novos investimentos en diferentes áreas.

Así, a modificación de créditos aprobada, por un valor total de 1.097.840,45 euros, asigna

fondos a 80 novas partidas de gasto para os orzamentos do presente 2022. Tal e como informou o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, no reparto dos fondos destacan os 265.774,08 euros que se van destinar a investimentos financeiramente sostibles; os 236.317,17 euros que irán para a área de Cultura, Turismo e Xuventude; os 136.454,24 euros que se asignan ao departamento de Deportes e os 55.456,84 euros para Educación.

Ademais, o alcalde subliñou que varias das partidas consignadas nesta modificación de créditos van cubrir a achega municipal en proxectos e programas cuxa financiación prin-

cipal procede doutras administracións, polo que en realidade “significan pagar a parte do Concello dun gasto que é moi superior”.

De feito, as achegas municipais para estas convocatorias – Agader, APROL, PEL e outros – suman algo menos de 100.000 euros e a parte que van financiar outras administracións ascende a máis de 250.000 euros.

É o caso dun programa para a mellora da xestión dos biorresiduos, ao abeiro dunha convocatoria da Consellería de Medio Ambiente, no que se van gastar máis de 42.000 euros. Deles, o Concello aporta menos do 10% e recibe o resto de fondos Next Generation.

“O goberno local trata de optimizar os recursos propios e aproveitar todas as convocatorias doutras administracións, moitas delas nestes momentos con fondos Next Generation para a recuperación, para así seguir mellorando os servizos e os equipamentos para a cidadanía”, explicou Moreda.

Xunto con estes proxectos, o alcalde recordou que o Concello de Cedeira ten solicitado financiación a través do programa DUS5000, tamén dotado con fondos Next Generation, que de concederse suporán o investimento de outros 2,3 millóns de euros en iniciativas vencelladas á mellora da eficiencia enerxética.

No listado de investimentos que o goberno local poderá acometer con estes fondos destacan obras para a ampliación ou mellora da rede de saneamento, do sistema de iluminación, arranxos de pistas, camiños, beirarrúas, etc.

Aparecen tamén, entre moitas outras, partidas para as festas patronais e a organización de campamentos de verán, así como para a contratación de monitores deportivos. Moitas das intervencións dan resposta a demandas presentadas polas asociacións de veciños, deportivas ou culturais da vila, coas que o goberno local dialoga e está en estrecho contacto.

Servizos Sociais

Neda é o pequeno concello que máis horas presta no SAF

O Concello de Neda situárase neste 2022 como o municipio da provincia da Coruña de menos de 10.000 habitantes que máis horas presta no Servizo de Axuda a Domicilio en libre concorrência.

Un servizo clave para a atención das persoas dependentes e de avanzada idade da localidade e unha aposta clara do equipo de goberno polas políticas sociais e a protección daqueles colectivos máis vulnerables. Na mesma, a colaboración da Deputación provincial da Coruña resulta clave, e neste 2022, o Concello nedense recibirá unha achega de 229.598,96 euros para financiar o servizo.

Será a través do Programa de Financiamento dos Servizos Comunitarios Municipais aprobado pola institución provincial.

A cuantía desglosase do seguinte xeito: 18.000 euros resérvanse para financiar a contratación dun administrativo C1 ou C2; 11.000 euros para un técnico A2 e 200.598,96 euros, para persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para a prestación do servizo en libre concorrência. Isto tradúcese na prestación de ata 16.716,58 horas.

Medio Ambiente

Narón pide á Xunta que erradique as plantas exóticas

O concelleiro de Medio Ambiente de Narón, Santiago Galego, remitiu un escrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, concretamente á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, advertindo sobre a aparición de “*helichrysum petiolare*”, unha especie invasora, en espazos da Rede Natura do termo municipal naronés.

Insta a través do escrito á administración autonómica a adoptar as medidas oportunas para eliminar esta especie, mediante medios mecánicos, indicando as coordenadas nas que se atopou “en gran cantidade”.

Municipal



Valdoviño aproba unha nova normativa para regular os campamentos turísticos

O CONCELLO CONTA ACTUALMENTE CON 616 PRAZAS DE ALOXAMENTO, UN DOS MAIORES DE TODA A COMARCA

O Concello de Valdoviño vén de aprobar no pleno celebrado o pasado mes de abril os criterios interpretativos que rexirán a implantación dos campamentos turísticos no municipio, atendendo non só aos condicionantes fixados por Turismo de Galicia senón tamén dende o punto de vista da súa viabilidade en materia de acceso aos servizos de saneamento ou abastecemento, entre outros.

O alcalde, Alberto González, explica que o Concello dá este paso xa que a modificación puntual do planeamento para regular a súa implantación -iniciada en 2019 e hoxe en curso- é un proceso moito máis lento, e des-

te xeito, constatando solicitudes para este tipo de negocios en Valdoviño, darase seguridade xurídica aos promotores, empresas e emprendedores.

O obxectivo dos criterios interpretativos, que se publicarán agora no BOP, é ordear a implantación de campamentos de turismo en solo rústico, como campings e infraestruturas para autocaravanas, e dar maior seguridade xurídica a estas instalacións, cunha crecente e forte demanda no municipio.

Así, a normativa de Valdoviño adaptárase ao novo decreto aprobado pola Xunta, permitindo avaliar que espazos do territorio poden ser susceptibles de

acoller este tipo de infraestruturas atendendo ás limitacións dende o punto de vista paisaxístico e patrimonial.

Valdoviño conta hoxe con tres campings -un deles municipal, o de A Lagoa e outros dous privados, Camping Valdoviño e Camping Fontesín (Meirás)- e unha área de estacionamento para autocaravanas, A Frouxeira Camperpark.

En total, ofertan 616 prazas, o que convirte a Valdoviño, sumando outros establecementos hoteleiros -hoteis, hostais, casas rurais ou apartamentos turísticos- nun dos municipios da comarca de Ferrol con máis prazas, ata 778.

Medio Ambiente

Denuncian novos episodios de turbidez no río Xuvia

As augas do río Xuvia volven estar tinguidas. Os veciños protestaban hoxe, xoves, pola cor e estado das augas na zona de Amido, xusto no límite co concello das Somozas.

As intensas choivas provocaron que a auga volva chegar completamente embarrada, presumiblemente por mor dos restos da canteira situada preto do nacemento do río.

Este novo episodio de turbidez foille comunicado ao 112 e desde Medio Ambiente informaron o concello de San Sadurniño que xa enviaran persoal para inspeccionar a

zona, tomar mostras e levantar a acta correspondente.

Estes sucesos ocorren un mes despois de que os concellos das Somozas, Moeche, Narón, Neda e San Sadurniño reunísense para abordar os problemas de turbidez e verteduras que vén sufrindo de maneira recorrente o río Xuvia.

As alcaldesas e alcaldes, ademais de colectivos veciñais, denunciaron que a situación se agravou no último ano tras a entrada en funcionamento de dúas canteiras situadas preto do curso alto do río.

Unha nova “ameaza” para a saúde do leito que se engade aos episodios de cheiros e mortalidade de peces que se repiten cada certo tempo e que poderían estar ocasionados por verteduras industriais incontroladas.

Neste sentido, os cinco concellos comprometéronse no encontro para crear unha “fronte común” na defensa do río, esixindo da Xunta de Galicia que reforce os controis e que faga cumprir a normativa ambiental das actividades extractivas e industriais que se desenvolven augas arriba.

Economía

A Fusquenlla prepárase para empezar a funcionar cun primeiro curso

Moeche, Cerdido, San Sadurniño e Valdoviño son os catro concellos promotores do Centro de transformación agroalimentaria A Fusquenlla, situado na antiga nave dos queixos de San Ramón.

O centro está totalmente equipado para a elaboración de produtos cun alto valor engadido como son as conservas de horta, marmeladas, zumes e mel. Hai uns meses levouse a cabo un programa de presentación do proxecto -integrado na rede de espazos colaborativos da Deputación da Coruña- e agora dase o seguinte paso, que consistirá na formación técnica das persoas que teñan verdadeiro interese en utilizar as instalacións. Neste sentido, primárase a participación de aquelas pertencentes a calquera dos catro municipios promotores do proxecto que desenvolvan a súa actividade no sector agrario e alimentario e que teñan unha clara vinculación co mundo rural.

A formación centrarase exclusivamente na transformación de produtos hortofrutícolas e impartirase en oito módulos que en conxunto suman 63 horas de teoría e práctica tratando, entre outros contidos, a hixiene e manipulación de alimentos, a utilización da maquinaria dispoñible, trazabilidade, documentación e normativa, prevención de riscos, etc.

Os módulos dividiránse en sesións de 3 ou 4 horas e serán maiormente presenciais, aínda que cabe a posibilidade de que algúns temas se ofrezan a través dunha plataforma en liña.

Para este primeiro curso gratuíto ofértanse un máximo de 15 prazas e esixírase das persoas participantes o compromiso de asistir polo menos ao 90% das horas de cada módulo. Ademais será necesario superar con suficiencia todos e cada un dos apartados formativos para poder ser admitida despois como usuaria ou usuario da Fusquenlla.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto até o 15 de maio. Deberán facerse a través do formulario dispoñible na web www.afusquenlla.gal, onde hai máis información.



SOCIALMENTE INDISPENSABLES

AXUDAS PARA PEMES E PERSOAS AUTÓNOMAS DA PROVINCIA DA CORUÑA

*A Deputación apoia a contratación de persoal na túa empresa
con ata 26.000 € e ata 17.500 € para investir no teu negocio.*

Aberto o prazo ata o 11 de maio.

emprego.dacoruna.gal

PEL Plan de
Emprego
Local



**Deputación
DA CORUÑA**

Infraestruturas

Cedeira proxecta a construción dun centro de día para maiores

O CONCELLO CONTA XA CON PARCELA E ANTEPROXECTO PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO ESTRATÉXICO PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E A COHESIÓN SOCIAL

O Concello de Cedeira formalizou onte a solicitude para construír o Centro de Día da localidade ao abeiro do plan de investimentos en equipamentos sociais acordado pola Fegamp e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Segundo explicou o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, a localidade cumpre cos criterios para a distribución dos fondos Next Generation que se van canalizar a través deste programa e conta, ademais e debido ao traballo feito nos últimos anos, cun solar e o acordo plenario para a súa cesión á Xunta, así como cun anteprojecto xa feito.

“Cedeira ten unha necesidade real desta prestación, porque os centros de día para persoas dependentes máis próximos están en Ferrol ou en San Sadurniño”, subliñou o alcalde. Moreda Gil recordou que o goberno local ten reclamado á Xunta en diferentes ocasión esta infraestrutura e apuntou que no ano 2019 xa acudiu ao Consorcio



coa que era entón a primeira tenente de alcalde, María Xosé Martínez, para achegar 2.300 sinaturas reunidas entre a veciñanza en demanda deste servizo.

O anteprojecto prevé a construción dun edificio con 273,23 metros cadrados útiles, con entrada pola rúa Deporte e con aparcamento reservado en superficie. O centro estará dotado con área de recepción, despachos, salas de rehabilitación, atención controlada, atención sociosanitaria-curas, sala polivalente-comedor, cociña con acceso exterior e baños accesibles, ademais dos necesarios espazos para almacenaxe.

O proxecto segue os principios da arquitectura bioclimática, polo que o consumo enerxético será mínimo. O deseño do edificio, de planta baixa, prima a accesibilidade e sitúa

as zonas de máis actividade no fronte principal sobre a vía pública, para que desde fóra se perciba como un espazo vivo, ao tempo que se preserva a intimidade das persoas usuarias cunha envolvente transventilada. O inmoible terá un aspecto moderno e se integrará en liñas xerais coa estación de autobuses.

O Centro de Día de Cedeira ocupará unha parcela municipal situada xunto á Estación de Autobuses, sobre a que o pleno municipal xa adoptou un acordo de cesión á Xunta. Trátase dun solar de 1.575 metros cadrados nunha zona na que está o IES Punta Candieira, o campo de fútbol O Beco, o Centro de Ocio Xuvenil e o Polideportivo Municipal, entre outras cousas. Cumpre, neste sentido, co criterio do plan de financiar novos equipamentos para pres-

tar coidados de larga duración centrados na persoa e na atención en contornas comunitarias. Os maiores que acudan ao centro estarán preto das súas familias.

O anteprojecto prevé un Centro de Día con 25 prazas, aínda que se ofertarán quendas de mañá e de tarde e poderá ser maior o número de persoas atendidas, ben sexan maiores en situación de dependencia ou en grave risco de padecela. O orzamento necesario para a construción do edificio é duns 656.000€ e prevese que o funcionamento do servizo suporá a creación de sete empregos directos.

Coa finalidade de seguir avanzando nos trámites que poidan facer realidade canto antes o Centro de Día, o goberno local vén de contratar o proxecto para o cambio de

usos da parcela destinada a acollelo. Actualmente está catalogada como de uso cultural e vai pasar a ser de equipamento sanitario-asistencial.

Moreda Gil recordou que o plan acordado entre a Fegamp e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar contempla o investimento de preto de 13,8 millóns de euros no presente 2022 e outros 4,6 millóns de euros no 2023, en actuacións de construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, e que está especialmente orientado a achegar este tipo de servizos a zonas rurais, para favorecer o desenvolvemento sostible e a cohesión social. Para a construción de novos centros de día como o que demanda o Concello de Cedeira, o plan prevé aportacións de 600.000 euros.

Servizos

Fene inviste 183.000 do POS+ nunha nova mellora do barrio de San Valentín

A Xunta de Goberno Local do Concello de Fene aprobou este mes de abril días a adxudicación provisional do proxecto de reurbanización das torres I, II e III de San Valentín.

Os traballos, cuantificados en 182.710 euros -IVE incluído-, teñen por obxectivo seguir renovando os servizos básicos e mellorando a accesibilidade do barrio, o máis populoso do municipio e tamén un dos máis avellentados. Esta será a terceira actuación de convergadura que se desenvolve

na zona nos últimos anos, despois de levar a cabo a reurbanización dos bloques II e V e III e IV.

En medio século San Valentín practicamente non cambiou, pero si as necesidades de quen viven alí, que hoxe demandan espazos pensados para as persoas e libres de barreiras arquitectónicas. Ademais, o barrio tamén require unha actualización do sistema de drenaxe de augas fecais e pluviais, de acordo cunha normativa e un sentir ambiental que tam-

pouco son os mesmos que hai cincuenta anos.

Neste sentido, o Concello de Fene está executando a modernización da habitabilidade e dos servizos básicos de San Valentín por medio de proxectos planificados case de ano en ano que se financian coas liñas do POS+ provincial. Entre 2018 e 2021 levouse a cabo a reurbanización dos bloques II, III, IV e V.

Igual que nas fases anteriores, nesta van renovarse os servizos básicos e acondicionaran-



se as zonas de paso que rodean -e enlazan- os tres edificios, incluída a zona de aparcamento con máis de 40 prazas que dá á Avenida da Cooperación.

O rexedor confía en que a nova fase de reurbanización

“poida comezar nuns días”, co obxectivo de que os traballos, se non hai imprevistos, estean completados antes do remate do verán. “É un prazo realista e agardamos que a adxudicatara cumpira con el”.

Municipal

Neda dá luz verde a uns orzamentos “sociais” de máis de 4,8 millóns de euros

PRETO DO 25% DOS ORZAMENTOS IRÁN A FINANCIAR DOUS SERVIZOS CLAVE COMO SON A AXUDA NO FOGAR E A CONCILIACIÓN FAMILIAR

O Concello de Neda deu luz verde no pleno do pasado mes de abril aos Orzamentos municipais para o ano 2022.

As contas ascenden a 4.845.340,58 euros, cun equilibrio entre o capítulo de gastos e ingresos e segue a liña marcada en 2021 (non se prevé aumento da presión fiscal e, por tanto, os ingresos apenas varían, e o grosso dos investimentos impúntanse aos plans provinciais de obras e servizos).

“Un orzamento para afrontar un contexto de incertidume derivado dos efectos da situación provocada pola pandemia e do contexto económico actual, cun incremento substancial dos prezos de produtos e materias primas”, explicou o alcalde Ángel Alvarinho.

Nesta liña, o Concello volve a apostar polo gasto social, destinando preto do 25% dos orzamentos a financiar dous servizos clave. Así, preto dun millón de euros destinarase ao Servizo de Axuda no Fogar para garantir a



atención ás persoas maiores e dependentes, e outros 175.310 euros permitirán cubrir os gastos derivados do funcionamento do servizo de conciliación que ofrece a Escola Municipal Infantil Os Pelegríns.

Ademais, mantén partidas como as destinadas a emerxencia social, axudas escolares ou as axudas á natalidade do cheque benvinda. Todas elas ampliábles en caso de necesidade. Tamén

reedita a liña de subvencións para investimentos dirixidas ao tecido asociativo, ademais das adicadas a actividades e programas.

Así mesmo, habilitase unha nova partida para crear unha liña de axudas de apoio aos deportistas locais individuais e resérvanse fondos para a adquisición dun novo vehículo municipal adscrito ao servizo de medio ambiente.

Municipal



Mugardos deixou sen executar obras do POS, di o PSOE

Os socialistas de Mugardos denuncian que o goberno local do Partido Popular aínda non realizou obras financiadas pola Deputación da Coruña e concedidas en 2019, a través do seu Plan de Obras e Servizos.

A estas súmanse diferentes obras concedidas polo goberno provincial en 2020 e 2021 que tampouco están executadas.

“En outubro de 2021, ningunha das obras concedidas ao Concello de Mugardos por parte da Deputación da Coruña estaba nin sequera licitada”, explica o portavoz socialista, Jose Anxo Martínez Bardanca.

O grupo socialista come-

zou entón a pedir en diferentes plenos municipais o avance inminente desas obras. “A maioría dos traballos están integramente financiados pola entidade provincial, polo que o concello de Mugardos só ten que realizar os trámites para que se executen as obras. Por iso non entendemos estes atrasos de máis de tres anos nalgunhas obras”, engadiu o portavoz socialista.

Entre as obras non executadas, inclúense a mellora dos servizos e pavimento da rúa Rosalía de Castro e a ampliación do saneamento en O Monte, dotadas con case 144.000 euros e concedidas en 2019.

Sociedade

O alumnado de 5º de Primaria do CPI Atios impulsa 1 km de solidariedade con Ucraína

Os alumnos e alumnas de 5º curso de Educación Primaria do CPI Atios, en Valdoviño, están a traballar nunha iniciativa solidaria de axuda a Ucraína na que buscan a implicación de toda a veciñanza do municipio.

Así, convidánnos a participar, o vindeiro 13 de maio, na iniciativa que leva por título «1 km con Ucraína». Haberá tres puntos de encontro: Casa consistorial, Correos e Centro de Saúde, e en cada un deles ne-

nos e nenas iniciarán unha fila de moedas á que nós nos poderemos sumar. Explican que o importante non é a cantidade senón a aportación en si mesma, porque todos podemos colaborar a partir dun céntimo. E, entre todos, alcanzar a unión deses tres puntos que suman 1 km, obxectivo inicial da iniciativa.

Os fondos recadados contabilizaranse e entregaranse á Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA Ucraína).

O proxecto nacía na clase de valores, e rapidamente era asumido polos 3 cursos de 5º de Primaria. Os nenos e nenas comezaron estes días a traballar na iniciativa. Primeiro, planificación, e logo traballo de campo, que inclúe a elaboración de cartelería, xestión de permisos no Concello, chamadas. Unha morea de actividades que realizan con ilusión e ganas guiados polas súas profes María Dolores Freire, Teresa Riveira e Rosa Pazos.



Dúas das alumnas participantes.

Infraestruturas

Avanzan as obras da senda peonil e ciclista entre Freixeiro e Xuvia

NARÓN VÉN DE ADXUDICAR AS OBRAS DA SEGUNDA FASE DA SENDA PEONIL E CICLISTA QUE ENLAZARÁ AMBOS PASEOS

O Concello de Narón adxudicou as obras da segunda fase da senda peonil e ciclista que enlazará os paseos de Freixeiro e Xuvia, entre a avenida Miguel de Cervantes, nas inmediacións do cemiterio do Cadaval, e a rúa Conde de Fenosa. Así o indicou a alcaldesa, Marián Ferreiro, que explicou que o contrato se adxudicou á empresa Xestión Ambiental de Contratas por un importe de 424.526 euros.

En total o Concello recibiu cinco ofertas, sendo a anteriormente citada a que obtivo maior puntuación. “A adxudicación destes traballos permitirá dar continuidade á actuación que está xa en execución na primeira fase desta senda, entre a avenida Conde de Fenosa e o muíño das Aceas, e que se cofinanciará nese caso con cargo a fondos europeos do Plan Feder, cun investimento de 580.000 euros, mentres que a segunda se sufragará íntegramente con cargo ás arcas municipais”.

O proxecto contempla, nesta segunda fase, dúas actuacións complementarias e diferenciadas, a senda peonil, cun ancho na súa meirande parte duns catro metros, pavimentada cun firme natural, entre a rúa Conde de Fenosa e a avenida Mi-



Traballos na zona.

guel de Cervantes, e un área estancial próxima á rúa Conde de Fenosa, con acceso tamén dende o Camiño de Cornido a través dun vial xa existente.

A segunda fase da senda ocupará uns 22.000 metros cadrados de superficie e unha área estancial de 5.000 metros cadrados na que se instalará mobiliario (mesas, bancos, papeleiras, pérgola) e se dotará doutros servizos como iluminación e abastecemento. “O proxecto permitirá recuperar terreos que ata agora estaban abandonados na súa gran maioría, localizados nas inmediacións do río Freixeiro, para

revitalizar esa zona da cidade e gañar máis espazo público para uso e disfrute da cidadanía”, apuntou Ferreiro.

Na fase en execución estanse habilitando outros 22.000 metros cadrados de senda e contará cun área estancial, tamén dotada de mobiliario e outros servizos, duns 15.000 metros cadrados, tal e como recordou a alcaldesa da cidade.

En canto ao acondicionamento ambiental, nas dúas fases do proxecto plantaranse “aligustres de Xapón” ao longo de todo o paseo e nas áreas estanciais, donde tamén se seméntará céspede.

“O goberno local impulsa con este ambicioso proxecto unha actuación integral para poñer en valor o patrimonio natural e cultural da cidade, recuperando a zona para usos públicos amables co medio ambiente”, subliñou a alcaldesa.

Ferreiro incidiu en que “en total, investirase algo máis dun millón de euros para habilitar preto de 45.000 metros cadrados de senda peonil e ciclista nun entorno único, creando un gran espazo verde na marxe dereita do río Freixeiro que permitirá chegar dende Freixeiro a Xuvia disfrutando da paisaxe dese tramo”.

Municipal

Moeche, Cerdido e San Sadurniño demándanlle ao Catastro que corrixa a súa cartografía

Os concellos de Moeche, Cerdido e San Sadurniño acababan de solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que corrixa de oficio a súa cartografía e outra información errónea dos tres municipios, comezando pola das zonas de concentración parcelaria.

Fincas solapadas coas do veciño, cunha feitura distinta, movida varios metros con respecto a onde están realmente ou unha superficie diferente á que figura nas escrituras son algúns dos problemas cos que se atoparon os veciños destes tres concellos. Por iso solicitan da Dirección Xeral do Catastro “que se inicien de oficio os correspondentes procesos de corrección de discrepancias, co fin de manter a concordancia entre o Catastro e a realidade inmobiliaria”. Sinalan os consistorios que “como mínimo” a corrección debe atender aos datos “alfanuméricos e gráficos” dos terreos afectados por concentracións parcelarias.

Moeche, Cerdido e San Sadurniño tamén insisten en que se pretende solventar “un problema que vén de vello e que require unha solución inmediata que só pode ofrecer quen creou o problema, que non son os concellos nin a veciñanza, senón o propio Catastro”, comenta Beatriz Bascoy.

Educación

Arrancou en Ortigueira a segunda edición da Universidade Sénior

Arrincou en Ortigueira a segunda edición da Universidade Sénior, na que participan preto de 40 persoas maiores de 50 anos e que consolida ao municipio como polo formativo da comarca.

“Volvemos constatar que a Universidade Sénior é un programa de interese na zona, contando nesta edición cun maior número de persoas rexistradas con respecto ao

ano pasado e unha maior duración”, explicou o concelleiro de Educación e Cultura, Juan Cao.

“Desde o goberno local é un pracer colaborar coa UDC de novo para achegar a formación a toda a poboación, neste caso ás persoas maiores de 50 anos, que teñen neste programa unha oportunidade para seguir aprendendo”, reflexionou.

O edil sinalou o compromiso e firme aposta do equipo de goberno local “pola educación, chave para seguir progresando, conseguido unha sociedade máis xusta e igualitaria”.

Cao tamén agradeceu á UDC “que pensase en Ortigueira como localización para esta iniciativa, que tamén contribúe a dinamizar a zona”. A nova edición do programa



Os alumnos durante a presentación no teatro da Beneficencia.

conta cunha maior duración con respecto ao ano pasado, levándose a cabo nesta ocasión desde o 20 de abril, e finalizando o 30 de maio. O proxec-

to contará con sesións teóricas dous días da semana de 17:00 a 19:00 horas no Teatro da Beneficencia, e con sesións prácticas.

Comercio

Unha nova cita para os amantes da gastronomía co concurso DegustAres

A Concellaría de Comercio de Ares presentou unha nova edición do DegustAres, unha iniciativa gastronómica que este ano contará con dez locais participantes. En concreto será Bocarte, O Bodegon, Callejón, A Casa Nova, O Gaiteiro, O Lago, O Parrocho, El Puente, Tarrafa, Yambú. Cadanseu ofertando unha tapa durante as xornadas do 7, 8, 14 e 15 de maio, en diferentes horarios axustados ás súas necesidades.

Lucía Blanco, dende a Concellaría de Comercio, agradeceu a todos os participantes a implicación, mais sobre todo aos negocios que se terminaron sumando a esta edición do concurso de tapas, “pois sen eles e o seu compromiso isto non se podería materializar”, segundo a edila.

Lucía Blanco tamén enfatizou o obxectivo último da ruta de pinchos: “buscamos dinamizar conxuntamente á hostalería local a través do consumo e o desfrute da gastronomía”. Ademais, “poñemos o foco precisamente nun dos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia”, e por iso “invitamos a todo o mundo a participar e apoiar” co seu consumo de proximidade.



A maiores, o DegustAres contempla a entrega de 1.700 euros en premios para investir no comercio local: 500 euros distribuídos en vales de 100 para os clientes, se cubren debidamente as cuartillas de valoración e resultan gañadores do sorteo, e 1.200 euros para os establecementos que obteñan as mellores valoracións do voto popular: 500 para o primeiro posto, 400 para o segundo e 300 para o terceiro.

A planificación de repartir todas as contías en forma de vales responde ao mesmo interese de dinamización socioeconómica, construíndo fluxos de consumo que redunden e fiquen no municipio.

A planificación de repartir todas as contías en forma de vales responde ao mesmo interese de dinamización socioeconómica, construíndo fluxos de consumo que redunden e fiquen no municipio.

Ocio

Volve a Doso unha nova edición da Festa do Lisco

O Concello de Narón e a Asociación de Veciños “A Naveira”, de Doso, organizan unha nova edición da Festa do lisco de Doso. A celebración terá lugar o vindeiro 14 de maio na pista polideportiva de Doso, donde se instalará unha carpa para a ocasión.

Dende a organización explicaron que o menú previsto para a xornada será a base de paella, liscos á brasa, pan, cachelos, bebidas, café e bola. As persoas interesadas en asistir poden adquirir xa os tickets no local social –ata o 10 de maio–, a un prezo de 15 euros para os mecados por socios da AVV “A Naveira” e de 20 para os adquiridos por non socios.

O horario de apertura do local social é de luns a sábado de 12.00 a 22.00 e os domingos de 12.00 a 18.00. O evento comezará ás 13.00 horas, para continuar co xantar e o baile. A Festa do lisco de Doso contará tamén cun apartado musical, que comezará coa sesión vermú ao mediodía, na que actuará o Dúo Horizonte, e baile despois do xantar.

Dende o Concello e a entidade veciñal de Doso animaron ás veciñas e veciños de Narón e doutros concellos a acudir a esta cita gastronómica e musical desta parroquia naronesa. “Este ano podemos celebrar de novo esta festa tradicional, que perdura no tempo grazas ao traballo e á implicación das veciñas e dos veciños de Doso, aos que quero agradecer que manteñan viva esta festa popular”, explicou a concelleira de Festas, Natalia Hermeida.



tidade veciñal de Doso animaron ás veciñas e veciños de Narón e doutros concellos a acudir a esta cita gastronómica e musical desta parroquia naronesa. “Este ano podemos celebrar de novo esta festa tradicional, que perdura no tempo grazas ao traballo e á implicación das veciñas e dos veciños de Doso, aos que quero agradecer que manteñan viva esta festa popular”, explicou a concelleira de Festas, Natalia Hermeida.

Marcela

Pan Da Casa Na Túa Porta

Telf. 608 767 747

Ferrol, Narón, Meirás e Valdoviño



Cultura

Teatro para tódalas idades en Cariño polas Letras Galegas

A PROGRAMACIÓN COMEZARÁ O 8 DE MAIO
COA REPRESENTACIÓN DE 'OU FURANCHO' DE IBUPROFENO
TEATRO NO AUDITORIO MUNICIPAL

O Concello de Cariño elaborou unha programación cultural para conmemorar o día das Letras Galegas, dedicado este ano a Florencio Delgado Gurriarán, na que o protagonista é o teatro, tanto para o alumnado do municipio como para o público en xeral.

Comezará o 8 de maio coa representación de 'O Furancho' de Ibuprofeno Teatro ás 19:00 horas no auditorio municipal, unha comedia hilarante encadrada nun furancho, un espazo de comunión e complicidade. A entrada será de tres euros.

O 11 de maio, só para o alumnado do IES, ás 12:00 horas representarase a 'Epístola de Aldaolado ás Neofalantes' de Aldaolado. As poetas Lucía Aldao e María Lado válese da ironía que as caracteriza para poñer sobre a mesa unha reflexión sobre a situación actual da lingua galega e o seu futuro.



"O Furancho", de Ibuprofeno Teatro.

O 14 de maio, ás 19:30 horas no auditorio municipal, Teatro do Atlántico representará 'Libre coma os páxaros' para todos os públicos. Unha obra centrada en Rosalía de Castro na que unha muller toma a palabra e proclámase posuidora da súa liberdade.

Declara, desafiante, non someterse a regras da arte no exercicio da súa actividade creativa, nin acatar mandatos dos seus iguais.

O propio 17 de maio, día das Letras Galegas, Trémola Teatro interpretará a súa obra dedicada ao autor home-

naxeado neste ano 2022 'Florencio Delgado Gurriarán'. Será ás 18:00 horas no auditorio municipal e a entrada é gratuíta. Ese mesmo día, a mesma compañía interpretará 'Que animalíño es?' para os máis pequenos do Punto de Atención á Infancia de Cariño.

Ocio

Touriñán será o pregoeiro da Festa do Polbo de Mugardos o 9 de xullo

O coñecido humorista, actor e presentador galego Xosé Antonio Touriñán será o encargado de ofrecer o pregón da XXX Festa do Polbo de Mugardos o próximo 9 de xullo.

Desde o goberno municipal trasladan que a figura do actor e humorista de Culleredo encaixa perfectamente coa imaxe da festa gastronómica mugardesa, como son a galeguidade, a tradición e a diversión. "Touriñán é sen dúbida unha elección máis que acertada" sinalou a concelleira de Cultura, Begoña Roldós.

Con esta nova edición da tradicional festa mugardesa tras a pandemia, quérese recuperar a espírito tradicional e gastronómico da celebración, evitando grandes masificacións. Por iso, aínda que se recupera a normalidade dos aforos, virá marcada pola fixación de franxas horarias graduadas. Haberá ata 650 persoas por hora, o que permitirá atender aos asistentes, que poderán ver como se prepara o polbo e que no momento de acceder á carpa saberán que teñen un espazo limpo e cómodo garantido.

Cultura

Susana Seivane, Covagueira e Talisk novas confirmacións para Ortigueira 2022

O Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira incorpora a Talisk, Susana Seivane e Covagueira ao cartel de #OMáisLongoDaHistoria, que se celebrará do 10 ao 17 de xullo.

Despois dos anuncios de Tanxugueiras, Red Hot Chili Pipers, Wolfstone, Luar na Lubre, Baiuca e Xosé Lois Romero e Aliboria o comité organizador confirma tres novas actuacións para o Festival de Ortigueira 2022.

Talisk, un dos grupos de folk máis populares de Escocia, chegará a Ortigueira por primeira

vez co seu son explosivamente enérxico pero enxeñosamente tecido. O trío formado por Mohsen Amini, Benedict Morris e Graeme Armstrong presentará o seu terceiro disco "DAWN" sobre o escenario principal o xoves 14 de xullo.

Susana Seivane volve ao Festival de Ortigueira coa súa proposta que mestura a música tradicional con sons novidosos. Xunto coa súa característica gaita e un elenco de cinco músicos de primeiro nivel, farán desfrutar ao público cunha selección do seu repertorio, e algúns temas do seu último

traballo "FA", o venres 15 de xullo.

Covagueira, o grupo nado no seo da Escola de Gaitas de Ortigueira, terá a súa estrea no Festival o xoves 14 de xullo. Un grupo formado en 2015 que foi evolucionando en diversos formatos ata chegar no 2019 á formación actual, con novos instrumentos e sons, pero mantendo a esencia característica de Covagueira.


Ademais, lembramos que o prazo para entregar toda a documentación para presentarse á Feira de Artesanía (que soamente será válida por correo



certificado ou mediante entrega presencial) remata o mércores 27 de abril. A súa vez o prazo para inscribirse no Concur-

so Runas 2022, onde grupos noveis optan por actuar en #Ortigueira2022, remata o venres 29 de abril.

Carlos de Castro, profesor e historiador



Proxecto de Ponte sobre o río Eume.

Pontes de ferro

A chegada do ferrocarril a Ferrol foi un desexo longamente anhelado desde que o deputado a Cortes por Pontedeume e director xeral de Obras Pública Frutos Saavedra Meneses o explicitou nun discurso pronunciado no Congreso en 1864. Estábase entón en tempo e hora con respecto ao que acontecía en toda España. En 1848 deuse o primeiro paso coa liña entre Mataró e Barcelona e en 1851 entre Madrid e Aranjuez. En Galicia, a primeira liña, de 41 Km, constrúese en 1873 entre Santiago e o porto do Carril; e en 1875 abríase a liña Coruña-Lugo, iniciada en 1865, nun momento onde xa existía unha primeira lei que perfilaba o que sería a rede radial do ferrocarril español.

O proxecto de liña entre Betanzos e Ferrol, coñecida popularmente como o Ramalillo, apróbase en 1869, non comezándose as obras ata 1899. Sucedía que as rías de Betanzos, Pontedeume e Neda, e os ríos Lambre e Bañobre conlevaban non poucos problemas técnicos, sendo necesario, a maiores das pontes, catro túneles que sumarían ao final unha lonxitude de 1410 m. De feito as dificultades da execución do proxecto foron notorias e imposible a adxudicación da explotación, de tal maneira que correu por conta de fondos públicos ao ritmo dos orzamentos do Estado. Quizá por iso buscouse un trazado o menos custoso posible, o que condicionou a velocidade dunha liña simple que, considerada como fundamental para o desenvolvemento agrícola e industrial, nunca foi rendible. En 1928 fundouse a Compañía do Oeste para que xestionase, por un período de sesenta anos, as liñas deficitarias en España, e entre elas estaba a de Betanzos a Ferrol. E así fun-



Ponte de ferro en construción.

cionou ata 1941, anos en que se crea a RENFE.

Pero volvamos atrás. Pon fin, o 4 de febreiro de 1912, co pretexto da botadura no estaleiro de Ferrol do acoirazado España, chegan á devandita cidade tres trens procedentes de Madrid, nun dos cales viaxa o rei Alfonso XIII, quen aos poucos días volve do mesmo xeito. O entusiasmo ao ver ao monarca só foi equiparable á indignación que provocou que se utilizase un tren, altamente anhelado e rematado en 1907, para comodidade dos políticos. A indignación, da que se fai eco a prensa local, aumenta cando se soubo que a mesma circunstancia se repe-

tiría ao ano seguinte coa botadura do acoirazado Alfonso XIII. A presión popular entón foi de tal calibre que o goberno viuse obrigado a poñer en marcha (maio de 1913) a liña con numerosas deficiencias.

Atrás, entre 1904 e 1907, quedaron tamén as dificultades para construír as pontes. Realizadas en ferro, material que xunto ao algodón fixo posible un desenvolvemento industrial nunca visto, non foron pontes que, por innovación ou precocidade, pasasen á historia da enxeñería, pero poñían de manifesto que a finais do século XIX tiñan chegado á nosa comarca empresas e enxeñeiros que se subiron ao

tren da Revolución Industrial, tren que frecuentemente se afirma España collera con atraso. Este era o caso da catalá Sociedad materiales para ferrocarril y construcciones, cuxo nome quedou orgullosamente escrito nunha placa da ponte de ferro de Pontedeume. Ten esta ponte unha lonxitude de 150,97 m (183,2 m o de Neda e 46,50 o de Betanzos) e dous piares centrais de cantería, cachotería e formigón, sobre os que se asintan arcos elípticos de celosía que se utilizaron desde mediados do século XIX noutros países.

A potencialidade do ferro, que supuxo unha revolución na arquitectura, tivo como es-

caparate excepcional a exposición de París de 1889, onde todo o mundo puido contemplar o inmenso mecano desmontable de Gustave Eiffel, convertido pronto no emblema da cidade. Pero xa moito antes, en 1779, construíse a ponte de ferro Coakbrookdate, sobre o río Severn (Inglaterra), e en 1850 terminouse a Biblioteca de Sainte-Genevève, en París, demostrando que non tiña por que existir un divorcio entre enxeñería e arquitectura.

Máis descoñecido é o feito de que cando, en 1874, catro anos despois da súa finalización, caen tres arcos da ponte de pedra por unha extraordinaria crecida do río Eume, proxéctase a construción dunha ponte de ferro que cubrise o espazo dos arcos caídos. O proxecto, do que temos constancia gráfica, desestímase, optándose ao final por substituír os tres arcos de medio punto contiguos ao arco de Maldonado por sete arcos carpanceles máis, quedando así a ponte cos quince arcos actuais.

Non, non foron, en efecto, as pontes de ferro prodixio da enxeñería, pero a súa realización, como a ponte construída por Fernán Pérez Ou Boo, marcou unha etapa na historia dunha vila coa palabra ponte no seu nome, pasando a ser patrimonio da nosa paisaxe costeira. Mesmo o é xa o viaduto sobre o Eume; ponte de 640 m sen concesións á estética, ante o cal, as outras pontes (entre elas as sete de Fernán Pérez) parecen pequenas formigas. Pero o cambio non é só estético e cuantitativo. A autoestrada cos seus viadutos reduciu as distancias, sendo un duro competidor a un ferrocarril excesivamente lento, modificando a paisaxe das nosas comarcas e cambiando as relacións entre elas.

Ocio

Os mellores surfeiros junior do mundo danse cita en Doniños

A praia de Doniños, en Ferrol, acollerá do 9 ao 15 de maio a segunda edición de CABREIROÁ JUNIOR PRO FERROL 2022.

Durante unha semana, Galicia volverá converterse no epicentro do panorama deportivo internacional, acollendo nas súas costas aos mellores surfeiros júnior do circuíto mundial, nas categorías masculinas e femininas.

A acción comezará coas Probas Galegas, os días 9 e 10 de maio, que abrirán as portas ao primeiro e segundo clasificado das categorías masculina e feminina á proba principal.

E será o día 11 cando comece a competición para o World Junior Tour da World Surf League (WSL).

Pero o CABREIROÁ JUNIOR PRO FERROL 2022 é moito máis que un evento de surf. Durante os días de competición realizaranse diferentes actividades paralelas, e tamén se poderá gozar dunha gran variedade de food trucks na zona de lecer.

Polo de agora son xa máis de 230 os deportistas que confirmaron a súa asistencia a CABREIROÁ JUNIOR PRO FERROL 2022. A surfista vasca Janire González Etxabarri fixo

historia na anterior edición ao converterse na primeira campioa desta proba, e este ano volverá a Doniños disposta a defender o título.

Xunto a ela enfrontaranse a canaria Lucía Machado, a francesa Aelan Vaast e a portuguesa Gabriela Dinis, entre outras. Pola súa banda, en categoría masculina, destacan os mozos promesas Kauli Vaast, da Polinesia Francesa, o francés Sam Piter, o vasco Kai Odriozola e o portugués Afonso Antunes.

O alcalde de Ferrol, Ángel Mato, destacou a aposta de Ferrol por este evento, que promove os mesmos valores, que son o esforzo, o deporte e a humildade, entre outros. Ademais, destaca a gran oportunidade que representa, actuando como reclamo turístico tanto para Ferrol como para Galicia.

Pola súa banda, Jaime Perozo, do patrocinio deportivo de Cabreiroá, engadiu que “estamos desexando contar cos novos talentos europeos do circuíto júnior WSL en Galicia. Consolidar esta proba en Doniños ten moito que ver co noso ADN, a competición en Galicia está cada vez máis presente e estamos encantados de acompañala coas nosas marcas”.



O evento celebrouse tamén o pasado ano na praia ferrolá.



Janire González Etxabarri.

A CITA TERÁ LUGAR DO 9 AO 15 DE MAIO E TRAERÁ A MÁIS DE 250 SURFISTAS JUNIOR A FERROL. ADEMÁS DAS PROBAS, O AREAL CONVERTERASE NUN LUGAR DE OCIO E ESPARCIMENTO COS FOODTRUCKS E ZONAS DE LECER

Hola, somos

AUXILIAR BROKER

una nueva correduría de seguros en Vilar do Colo.

Queremos ayudarte a gestionar tus seguros con **tres compromisos muy sencillos:**

1. Vamos a darte la mayor cobertura al mejor precio.
2. Te entregaremos como mínimo tres propuestas.
3. Revisaremos tu póliza cada año en busca de mejores ofertas

Somos la mejor compañía entre tú y tu aseguradora.

 Llámanos 619 37 41 40 / gcorrea@auxiliarbroker.com

 Polígono Vilar do Colo Rúa Cornecha / Parcela 4 / Oficina 5